# Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008

07-08

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

# Estudo da Inserción Laboral dos Titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008

Colabora:

XUNTA DE GALICIA

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

**Edita:**
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5ª planta
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 534173 - Fax: 981 534174
E-mail: acsug@acsug.es
Páxina web: www.acsug.es

Revisión Lingüística:
Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

**ISBN:** 978-84-615-5642-7
**Depósito Legal:** C. 3.096-2011

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reproducción total ou parcial do documento sempre que se cite o título do mesmo e á ACSUG como editora.

ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA

ACSUG está rexistrada no EQAR

A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. Ademais, o Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).

# Índice

07-08

# Índice


1. Presentación ..... 9

2. Introdución ..... 15
   2.1. Obxectivos específicos do estudo de inserción laboral dos titulados no SUG 2007-2008 (PIL0708) ..... 16

3. Comparativa cos estudos anteriores ..... 19
   3.1. Estuda, traballa, oposita ..... 19
   3.2. Tipoloxía dos contratos ..... 23
   3.3. Tempo en atopar emprego, contratos e empresas ..... 26
   3.4. Salario medio mensual ..... 28
   3.5. Formación ..... 30
   3.6. Itinerario académico ..... 33

4. Resultados do estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2007-2008 ..... 37
   4.1. Conclusións do estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008 ..... 37
   4.2. Perfil dos titulados no SUG 2007-2008 ..... 40
   4.3. Descritiva da poboación ..... 41
      4.3.1. Distribución da mostra por sexo ..... 41
      4.3.2. Nivel de estudos dos pais ..... 42
      4.3.3. Titulación cursada como primeira opción ..... 44
      4.3.4. Anos a maiores empregados na titulación ..... 45
      4.3.5. Nota media do expediente ..... 47
   4.4. Formación. Estadía na universidade ..... 48
      4.4.1. Outros estudos universitarios rematados ..... 48
      4.4.2. Estudos de posgrao rematados ..... 50
      4.4.3. A estadía na universidade ..... 53
   4.5. Acceso ao emprego ..... 63
      4.5.1. Busca de emprego ..... 65
      4.5.2. A contratación ..... 74
   4.6. Situación actual ..... 78
      4.6.1. Actividade dos titulados ..... 79

4.6.2. Lugar de traballo ..... 84
4.6.3. Contratos e empresas ..... 87
4.6.3.1. *Número de contratos e de empresas* ..... 87
4.6.3.2. *Tamaño da empresa* ..... 89
4.6.4. Antigüidade no posto de traballo ..... 90
4.6.5. Tipo de xornada ..... 92
4.6.6. Modalidade de contratación ..... 93
4.6.7. Salario ..... 98
4.6.7.1.Salario *por sexos* ..... 101
4.6.8. O posto de traballo en relación coa titulación acadada 103
4.6.9. Formación específica adicional ..... 104
4.6.10. Dificultade da titulación vs. situación laboral ..... 106
4.6.11. Imaxe da titulación na empresa ..... 108
4.6.12. Imaxe da escola ou facultade na empresa ..... 109
4.6.13. Valoración dos titulados na empresa ..... 111
4.6.14. Utilidade dos coñecementos adquiridos na titulación 112
4.6.15. Posibilidades de promoción ..... 114
4.6.16. Estabilidade na empresa ..... 115
4.6.17. Opinión sobre o nivel retributivo actual ..... 117
4.6.18. Satisfacción co lugar xeográfico de traballo ..... 118
4.6.19. Competencias requiridas no traballo actual ..... 120
**4.7. Valoración final da traxectoria universitaria ..... 125**

**5. Anexos ..... 131**
**5.1. Anexo I. Datos técnicos do estudo ..... 131**
**5.2. Anexo II. Cuestionario ..... 133**
**5.3. Anexo III. Distribución por ramas de coñecemento ..... 143**
**5.4. Anexo IV. Referencias e bibliografía complementaria .... 147**

**6. Grupo de traballo ..... 153**

**7. Índice de táboas e figuras ..... 155**
**7.1. Índice de táboas ..... 157**
**7.2. Índice de figuras ..... 161**

# I. Presentación

07-08

# 1. Presentación

Como Presidenta da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), compráceme presentar a publicación "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008".

Este libro fai o número seis dos pertencentes á serie de estudos de inserción laboral realizados de forma continua e periódica pola ACSUG desde o ano 2001. Neste estudo, complemento dos anteriores, analízanse as valoracións feitas polos titulados universitarios baseadas na súa experiencia co mundo laboral, así como as relativas á aspectos organizativos e formativos do mundo universitario.

A finalidade destes estudos é a de servir de apoio ás institucións universitarias na responsabilidade e compromiso que estas teñen coa "empregabilidade" dos titulados universitarios. A ACSUG na súa labor de aseguramento e mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) contribúe aportando resultados que, por a súa natureza, poden ser de axuda no deseño de estratexias para a revisión e mellora da calidade da oferta formativa universitaria.

A utilidade dos resultados obtidos nos indicadores sobre empregabilidade ou inserción laboral dos titulados reside principalmente na información relevante que aportan sobre a adecuación entre os obxectivos de aprendizaxe e os requerimentos profesionais e de empregabilidade. Información que deberá ser aportada no seguimento de títulos universitarios oficiais, segundo está contemplado no "Protocolo para el seguimiento y la renovación de la acreditación de los títulos universitarios oficiales", documento elaborado pola Comisión Universitaria Reguladora del Seguimiento y la Acreditación (CURSA).

Aproveitamos esta ocasión para agradecer a participación e a colaboración de todos aqueles titulados que nos dedicaron o seu valioso tempo e sen os cales non sería posible a realización do estudo, así como para recoñecer o traballo realizado por todas as persoas que, dunha maneira ou outra, contribuíron coas súas aportacións a facer realiade, un ano máis, a presente publicación.

M.ª Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG

Esta publicación xurde froito do esforzo constante realizado pola ACSUG na procura de recopilación de información sobre a realidade laboral dos titulados universitarios no SUG, ao mesmo tempo que se realiza unha evaluación retrospectiva da formación recibida na universidade.

Os antecedentes da Axencia nos estudos relativos á inserción laboral dos titulados no SUG remóntanse ao ano 2001, cando coa súa primeira publicación (Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001) realizou unha primeira aproximación a este tipo de estudos. Posteriormente, consecuencia directa da necesidade e importancia da temática estudada, realizáronse as seguintes publicacións: *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003, Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005, Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006* e *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007*. Este feito, permite dispoñer hoxe de históricos sobre a evolución dos titulados universitarios con respecto á inserción laboral.

O informe atópase estruturado en catro apartados:

No primeiro apartado preséntanse os obxectivos do estudo, os cales non varían con respecto aos anteriores estudos englobados dentro da mesma temática. A finalidade perseguida segue a ser a mesma, principalmente a obtención de información sobre a situación laboral dos titulados universitarios recentes, aproximadamente aos dous anos de rematar a titulación universitaria.

Posteriormente, no segundo apartado realízase unha comparativa con estudos anteriores, aspecto a destacar polo valor engadido aportado con respecto a anteriores publicacións. Neste apartado analízase a evolución da inserción laboral dos titulados desde o estudo realizado pola Axencia no ano 2004 (PIL0103)[1] ata o último realizado no ano 2010

1 *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003".*

(PIL0708)[2]. Neste caso, analízase a evolución no tempo en factores relacionados co mundo laboral tales como son a porcentaxe de traballo, a tipoloxía de contrato, o tempo en atopar emprego, número de contratos e empresas, o salario medio mensual ou a formación realizada unha vez rematada a titulación. Ademais, tamén se presenta a evolución acadada coa satisfacción no itinerario académico.

No terceiro apartado preséntanse os resultados acadados na última enquisa realizada aos titulados universitarios 2007-2008. Neste apartado analízanse as distintas valoracións feitas polos titulados en aspectos relativos á súa formación, acceso ao emprego e situación laboral no momento da realización da enquisa.

Finalmente, o informe contén catro anexos, onde se poden consultar os datos técnicos do estudo, o cuestionario empregado nas enquisas, o mapa de titulacións que conforman o SUG, así como as ramas de coñecemento e as subramas para as cales se presentan os resultados e as referencias e bibliografía complementaria empregada no informe.

José Eduardo López Pereira
Director da ACSUG

2 *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008".*

# 2. Introdución

07-08

# 2. Introdución

Este traballo é o sexto estudo de inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia (SUG) realizado pola ACSUG. O obxectivo, como vén sendo habitual desde o primeiro estudo de inserción laboral dos titulados no SUG en 1996-2001, é coñecermos a situación laboral destes, así como os diversos aspectos do seu proceso de inserción laboral (acceso ao mercado de traballo), para describirmos os factores que configuran os comportamentos, actitudes e percepcións dos titulados e explorarmos as variables que poidan explicar as diferenzas entre eles.

Dado que un dos obxectivos que fixa para esta década a comunicación da Comisión Europea *Europa 2020. Unha estratexia de crecemento intelixente, sustentable e integrador* é o emprego para o 75% das persoas de 20 a 64 anos e o desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación, neste estudo preténdese valorar a influencia do ensino universitario no proceso de inserción laboral co fin de as universidades aproveitaren a información obtida para axeitaren a oferta educativa e formativa ás necesidades do mercado laboral, cando menos de xeito parcial ou aproximado.

Para alén disto, os resultados obtidos deben ser utilizados polas distintas titulacións do SUG para a súa avaliación e seguimento, así como para a súa posterior acreditación (LOM-LOU, artigo 31.4). Así pois, estes estudos contribúen a unha toma de decisión máis baseada na evidencia e menos en especulacións e xuízos a priori por parte dos diversos axentes involucrados no sistema universitario.

Por outra banda, nos sistemas de garantía interna da calidade de cada centro de educación superior, en virtude do recollido no RD 1393/2007, de 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, de 2 de xullo, contémplase a existencia de procedementos de análise da inserción laboral dos titulados e da satisfacción coa formación recibida, e de ser o caso de revisión e mellora do título, para o cal é preciso termos información da percepción dos titulados sobre *formación e universidade* e sobre os puntos fortes e febles da facultade ou escola en que realizaron os seus estudos, así como no tocante ás súas necesidades de formación adicional.

## 2.1. Obxectivos específicos do estudo de inserción laboral dos titulados no SUG 2007-2008 (PIL0708)

Os obxectivos específicos que se pretenden analizar son coñecer:

– A percepción dos titulados sobre o ítem formación e universidade:
  - Realización e utilidade das prácticas en empresas durante a titulación.
  - Consideracións sobre o plan de estudos e o desenvolvemento das materias.
  - Titulacións rematadas e motivos para continuar os estudos.
  - Itinerario académico.

– As características do proceso de busca de emprego:
  - Busca de traballo.
  - Tempo que se tarda en atopar emprego.
  - Grao de uso das distintas vías de busca de emprego e eficiencia destas.
  - Vía propiciatoria do primeiro emprego.
  - Rexeitamento de ofertas de traballo.
  - Número de contratos e empresas.

– A situación do mercado de traballo para os titulados no SUG e as súas condicións laborais, co fin de obtermos unha idea precisa nos seguintes aspectos:
  - A capacidade do mercado de traballo para absorber os titulados universitarios.
  - A importancia dos distintos factores para obter un emprego (variables de maior importancia nos procesos de contratación).
  - As competencias, os coñecementos e as aptitudes necesarios para o desempeño do seu traballo.
  - As condicións laborais (salario medio, tipo de contrato, lugar de traballo, tipo de empresa…) no traballo actual.
  - O grao de satisfacción co seu emprego e o cumprimento das expectativas xeradas nos seus estudos.



# 3. Comparativa cos estudos anteriores

07-08

# 3. Comparativa cos estudos anteriores

Os distintos estudos de inserción laboral realizados ao longo dos anos (PIL0103, PIL0305[1], PIL0506[2], PIL0607[3] e PIL0708) permítennos analizar a evolución dalgún dos aspectos máis importantes do proceso de inserción laboral dos titulados, como son as porcentaxes dos que traballan, continúan os seus estudos ou preparan oposicións; a tipoloxía dos contratos e o número de empresas e contratos que tiveron desde a obtención do título; o tempo que tardaron en atopar emprego ou o salario medio mensual dos titulados no SUG.

## 3.1. Estuda, traballa, oposita

Un dos obxectivos principais neste estudo é estimarmos a proporción de titulados que entraron no mercado de traballo. Ademais, ao se tratar de

Figura 1. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




1 *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005".*
2 *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006".*
3 *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007".*

titulados recentes que acadaron a súa titulación dous anos antes da realización da enquisa, tamén resulta de interese coñecermos a porcentaxe de titulados que continúan os estudos universitarios ou que preparan oposicións.

Táboa 1. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Si | 27,72% | 30,70% | 25,82% | 29,50% | 26,02% |
| Non | 72,28% | 69,30% | 74,18% | 70,50% | 73,98% |

Pódese observar na Figura 1 e na Táboa 1 que a porcentaxe de titulados que preparan oposicións, que viña de experimentar un lixeiro incremento no PIL0607, diminuíu ata o 26,02% para o PIL0708. No tocante á porcentaxe de titulados que continúan estudos (Figura 2 e Táboa 2), obsérvase unha redución de máis de cinco puntos en relación co estudo anterior, o que contrasta coa tendencia crecente detectada nos estudos PIL0305 a PIL0607.

Figura 2. Porcentaxe de titulados que continúan estudos (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Táboa 2. Porcentaxe de titulados que continúan estudos (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Si | 29,66% | 28,86% | 32,24% | 33,73% | 28,34% |
| Non | 70,34% | 71,14% | 67,76% | 66,27% | 71,66% |

Finalmente, a porcentaxe de titulados que traballan nun emprego relacionado coa súa titulación reduciuse ata un 58,12%, mentres que a porcentaxe daqueles que traballan en algo sen relación se mantén en niveis semellantes aos do estudo PIL0607 (Figura 3 e Táboa 3).

Figura 3. Porcentaxe de titulados que traballan (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Táboa 3. Porcentaxe de titulados que traballan (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Si | 55,70% | 71,00% | 63,60% | 62,75% | 58,12% |
| Si, pero non relacionado | | 5,94% | 7,47% | 3,37% | 3,81% |
| Non | 44,30% | 23,06% | 28,93% | 33,89% | 38,70% |

Na Figura 4 preséntanse conxuntamente as porcentaxes de titulados que preparan oposicións, que estudan e que traballan. Obsérvase unha diminución progresiva no número de titulados que traballan. Inclúese tamén un axuste polinómico para a tendencia de cada unha desas porcentaxes.

Figura 4. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións, que estudan e que traballan (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores e tendencia polinómica.




No tocante á busca de traballo, a porcentaxe de titulados que non buscaron un emprego relacionado coa titulación reduciuse algo máis de tres puntos entre o PIL0607 e o PIL0708. Porén, a porcentaxe de titulados que buscaron e atoparon emprego tamén diminuíu (do 52,01% no PIL0607 ao 51,13% do estudo actual). De se analizaren estes datos por rama de coñecemento, cómpre salientarmos a rama de Ciencias da Saúde, en que a porcentaxe de titulados que non buscaron traballo se reduciu preto de sete puntos, mentres que a porcentaxe dos que o buscaron e atoparon se incrementou ata alcanzar un 83,25% dos titulados. Pola contra, na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas I, a porcentaxe de titulados que non buscaron traballo incrementouse lixeiramente desde o 14,7% do PIL0607 ata o 15,46% do PIL0708, e a porcentaxe dos que o buscaron e atoparon caeu desde o 60,95% do estudo anterior ata o 53,91%.

Canto á utilización e eficiencia das diferentes vías de busca de emprego, tal e como acontecía no PIL0607, a *internet*, a *candidatura espontánea* e os *familiares e amizades* continúan a ser as vías máis empregadas polos titulados. Mentres no PIL0607 a *internet* destacaba por ser a principal vía propiciatoria do primeiro emprego (cun 16,97% dos casos), ese posto é ocupado neste estudo polos *familiares e amizades* (21,47% dos empregos propiciados). Tamén se observa un incremento significativo no número de

contratos que xurdiron a partir de prácticas en empresas, que é a vía de acceso ao primeiro emprego nun 4,79% dos casos.

### 3.2. Tipoloxía dos contratos

A porcentaxe de titulados que traballan por conta propia mantense no PIL0708 en niveis similares aos detectados no PIL0607 (Táboa 4, Figura 5 e Figura 6), mais entre eles reduciuse a porcentaxe dos que están dados de alta na Seguridade Social. Ao tempo, nos titulados que traballan por conta allea, a porcentaxe deles con contrato aumentou lixeiramente a respecto do PIL0607 (véxanse a Táboa 4 e a Figura 7).

A diferenza do que ocorría nos dous estudos anteriores, o contrato indefinido deixa de ser a modalidade de contratación máis habitual. Este posto é agora ocupado polo contrato eventual, que experimenta un incremento de oito puntos con respecto ao PIL0607 (véxanse a Táboa 4 e a Figura 8).

Táboa 4. Tipo de contrato. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Conta propia | 7,76% | 7,58% | 6,85% | 8,75% | 8,49% |
| Conta allea | 92,33% | 92,42% | 93,15% | 91,25% | 91,51% |
| Dado de alta | 88,84% | 86,95% | 78,39% | 82,93% | 78,88% |
| Non dado de alta | 11,16% | 13,05% | 21,61% | 17,07% | 21,12% |
| Con contrato | 95,62% | 96,10% | 97,28% | 96,24% | 97,50% |
| Sen contrato | 4,38% | 3,90% | 2,72% | 3,76% | 2,50% |
| Indefinido | 22,11% | 39,74% | 40,95% | 38,62% | 36,57% |
| Eventual | 49,02% | 37,50% | 40,23% | 34,98% | 43,10% |
| En prácticas | 13,20% | 9,95% | 10,65% | 10,15% | 6,48% |
| Bolsa | 7,58% | 2,44% | 2,45% | 2,66% | 5,37% |
| Outros | 8,09% | 10,37% | 5,72% | 13,59% | 8,49% |

Figura 5. Porcentaxe de titulados que traballan por conta propia e por conta allea. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Figura 6. Porcentaxe de titulados dados de alta e sen dar de alta dos que traballan por conta propia. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.



Figura 7. Porcentaxe de titulados con contrato e sen contrato dos que traballan por conta allea. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Figura 8. Porcentaxe de titulados en cada tipo de contrato (indefinido, eventual, en prácticas, bolsa, outros) dos que traballan por conta allea. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.



### 3.3. Tempo en atopar emprego, contratos e empresas

O tempo medio en atopar emprego incrementouse con respecto ao estudo anterior: de 4,79 meses no PIL0607 pasouse a 5,32 meses no PIL0708. A distribución dos titulados segundo o tempo que tardaron en atopar emprego para os estudos de inserción laboral da ACSUG dos últimos cinco anos atópase recollida na Figura 9 e na Táboa 5. Pódese observar un aumento na porcentaxe de titulados que tardan máis de 6 meses en atopar emprego e unha diminución na porcentaxe dos que tardan menos de 1 mes en relación cos datos do PIL0607. As porcentaxes para os titulados que tardan entre 1 e 6 meses reducíronse lixeiramente, aínda que se manteñen nos niveis observados no estudo anterior.

Figura 9. Distribución dos titulados segundo o tempo que tardan en atopar emprego despois de obteren o título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.



Táboa 5. Distribución dos titulados segundo o tempo que tardan en atopar emprego despois de obteren o título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Menos de 1 mes | 16,52% | 16,72% | 1,68% | 26,56% | 23,15% |
| Entre 1 e 3 meses | 28,34% | 34,75% | 54,67% | 34,81% | 34,12% |
| Entre 3 e 6 meses | 19,35% | 17,60% | 15,90% | 16,19% | 15,60% |
| Entre 6 e 12 meses | 23,54% | 20,08% | 17,50% | 14,50% | 18,10% |
| Máis de 12 meses | 12,25% | 10,85% | 10,24% | 7,94% | 9,03% |

No tocante á porcentaxe de titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo, os valores observados neste estudo son similares aos acadados no PIL0607 (Figura 10 e Táboa 6).

Por outra parte, a Figura 11 e a Táboa 7 recollen a comparativa do número de empresas e contratos que tiveron os titulados desde a obtención do título. Neste caso obsérvase un incremento en relación co estudo previo tanto no número de empresas (2,11 empresas no PIL0708 fronte a 2,03 empresas no PIL0607) como no número de contratos (4,08 contratos no PIL0708 fronte a 3,33 contratos no PIL0607).

Figura 10. Porcentaxe de titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.



Figura 11. Número de empresas e contratos desde a obtención do título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Táboa 6. Porcentaxe de titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Si | 41,64% | 54,42% | 40,71% | 44,88% | 44,22% |
| Non | 58,36% | 45,58% | 59,29% | 55,12% | 55,78% |

Táboa 7. Número de empresas e contratos desde a obtención do título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| N.º de empresas | 2,07 | 2,13 | 2,02 | 2,03 | 2,11 |
| N.º de contratos | 2,80 | 3,20 | 3,28 | 3,33 | 4,08 |

## 3.4. Salario medio mensual

Aínda que nos primeiros estudos (PIL0103, PIL0305 e PIL0506) se apreciaba un incremento nos salarios medios dos titulados, detectable no aumento das porcentaxes de titulados nos tramos salariais máis altos, semella que esta tendencia se estancou nos últimos estudos realizados (véxanse a Táboa 8 e a Figura 12). Nesta liña, obsérvase que a distribución dos titulados por tramos salariais mensuais no PIL0708 é moi similar á dos dous estudos anteriores, PIL0506 e PIL0607.

Táboa 8. Distribución dos titulados segundo o seu salario mensual medio. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| Salario mensual | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Menos de 500 € | 17,00% | 5,64% | 5,81% | 5,62% | 5,19% |
| Entre 500 e 1000 € | 55,40% | 33,85% | 31,10% | 31,87% | 32,19% |
| Entre 1000 e 1500 € | 22,40% | 35,25% | 41,21% | 40,63% | 40,25% |
| Entre 1500 e 2000 € | 3,50% | 13,93% | 18,25% | 17,73% | 18,25% |
| Máis de 2000 € | 1,70% | 4,11% | 3,64% | 4,14% | 4,12% |

Este estancamento na evolución dos salarios pode confirmarse mediante o cálculo dos salarios medios dos titulados do SUG cando chegan ao mercado laboral unha vez obtido o título. Para realizar esta comparativa, deflactouse a serie de salarios medios mediante o IPC correspondente a cada período. Os resultados obtidos preséntanse na Figura 13. Como se pode apreciar na gráfica, os salarios medios aumentaron con claridade desde os 976,95 € dos titulados no PIL0103 ata os 1186,38 € no PIL0506. Tras esa etapa de crecemento, os salarios estabilizáronse, e mesmo se reduciron, nos períodos posteriores: 1189,13 € para o PIL0607 e 1179,94 € para o PIL0708. Este estancamento no salario medio coincide coa aparición dos primeiros síntomas da crise económica global, aínda en vigor na actualidade.

Figura 12. Distribución dos titulados segundo o seu salario medio mensual. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.



Figura 13. Salario medio (€) dos titulados do SUG nos distintos estudos de inserción laboral realizados. Serie deflactada mediante o IPC.




## 3.5. Formación

A porcentaxe de titulados con outros estudos universitarios ou de posgrao rematados experimentou un incremento neste estudo (Figura 14 e Táboa 9). En comparación co PIL0607, a porcentaxe de titulados que teñen outra titulación universitaria incrementouse en máis de dous puntos, mentres que a porcentaxe de titulados con estudos de posgrao rematados alcanza o 25,96% fronte ao 19,03% do estudo anterior.

A distribución destas porcentaxes segundo a tipoloxía da titulación rematada achégase na Figura 15 e a Táboa 10. Obsérvase que a porcentaxe de titulados que optaron por unha nova licenciatura/enxeñaría/arquitectura se mantén nos mesmos niveis que no estudo anterior, mentres que se aprecia un incremento na porcentaxe dos titulados que elixiron unha diplomatura/enxeñaría técnica/arquitectura técnica. En consecuencia, as titulacións propias experimentan unha caída de preto do 5%.

Figura 14. Outras titulacións universitarias rematadas. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores e tendencia polinómica.




Táboa 9. Outras titulacións universitarias rematadas. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Outras titulacións rematadas | 13,15% | 12,13% | 11,20% | 12,25% | 14,69% |
| Estudos de posgrao rematados | 18,26% | 20,51% | 16,63% | 19,03% | 25,96% |

Figura 15. Distribución por tipo de titulación rematada.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Táboa 10. Distribución por tipo de titulación rematada.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Diplomatura/enxeñaría técnica/arquitectura técnica | 49,43% | 44,14% | 56,58% | 47,82% | 54,38% |
| Licenciatura/enxeñaría/ arquitectura | 43,62% | 40,90% | 41,50% | 38,75% | 38,39% |
| Titulación propia | 6,95% | 17,67% | 7,57% | 15,05% | 10,15% |

Pola súa banda, as porcentaxes de titulados con estudos de terceiro ciclo e cun mestrado ou posgrao rematados superan lixeiramente os niveis detectados no PIL0607, como pode verse na Figura 16 e na Táboa 11. Como se comentou en estudos anteriores, a comparación entre os distintos estudos relativa a estas porcentaxes debe facerse con certas precaucións. Por unha parte, tanto no PIL0103 como no PIL0305 os titulados obxecto de estudo correspondían a dous cursos académicos, polo que o tempo transcorrido desde a obtención do título era maior para parte deles. Pola outra, a adaptación dalgúns títulos propios e de doutoramento do SUG a mestrados oficiais no marco do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) pode distorsionar as porcentaxes de titulados cun título de mestrado ou posgrao dos últimos estudos.

Figura 16. Distribución por tipo de estudos de posgrao rematados.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Táboa 11. Distribución por tipo de estudos de posgrao rematados.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| Terceiro ciclo | 10,26% | 16,16% | 14,29% | 11,12% | 11,04% |
| Mestrado/posgrao | 89,74% | 84,88% | 86,29% | 89,93% | 90,41% |

### 3.6. Itinerario académico

Como se pode observar na Figura 17 e na Táboa 12, tanto a porcentaxe de titulados que volverían cursar estudos universitarios como a porcentaxe dos que repetirían a mesma titulación incrementáronse neste estudo, o que continúa a tendencia detectada nos últimos tres anos. No entanto, a porcentaxe de titulados que cursaría a mesma titulación na mesma universidade decrece en máis dun 2% en comparación co estudo anterior.

Figura 17. Repetición do itinerario académico.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Táboa 12. Repetición do itinerario académico.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

| Volvería ... | PIL0103 | PIL0305 | PIL0506 | PIL0607 | PIL0708 |
|---|---|---|---|---|---|
| cursar estudos universitarios | 84,78% | 83,52% | 86,03% | 88,50% | 90,67% |
| cursar a mesma titulación | 79,93% | 78,08% | 80,71% | 81,02% | 81,55% |
| cursar a mesma titulación na mesma universidade | 87,66% | 88,42% | 87,83% | 89,74% | 87,07% |



# 4.

# Resultados do estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2007-2008

07-08

# 4. Resultados do estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2007-2008

Neste epígrafe presentanse os resultados acadados na última enquisa de inserción laboral realizada aos titulados no curso académico 2007-2008.

## 4.1. Conclusións do estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008

Un 77,33% (no informe 2006-2007, o 75%)[1] dos estudantes que acceden aos estudos universitarios faino na titulación que elixe como primeira opción, feito que repercute positivamente na satisfacción dos titulados cos seus estudos.

Máis do 48% (46%) dos titulados rematou a titulación nos anos estipulados no plan de estudos, mentres que un 33,73% (33,18%) tarda un ou dous anos máis do planificado.

Un 25,96% (19,03%) dos titulados en 2007-2008 ten estudos de terceiro ciclo ou de posgrao rematados. Deles, un 90,41% (89,93%) elixiu un mestrado ou posgrao, mentres que o 11,04% (11,12%) rematou estudos de terceiro ciclo.

Os motivos que levan os titulados a cursaren estudos de posgrao son *estar en mellores condicións para atopar emprego* 46,78% (54%) e o *desenvolvemento ou promoción laboral* 35,81% (30%).

O 35,89% (35,24%) dos titulados considera que desde a súa universidade se lle facilitou bastante ou moito a realización de prácticas en empresas ou institucións. O 69,05% (62%) realizou prácticas externas, as cales son consideradas bastante ou moi útiles para a inserción laboral.

Estudou a tempo completo o 60,09% (62,46%) dos titulados. De compaxinar traballo e estudos, a maioría fíxoo cun traballo esporádico, mentres que os que tiveron un traballo a tempo completo supoñen un 19,52% (15%) no total do SUG.

Tan só un 17,79% (21,27%) dos titulados do SUG manifestou que non buscara un emprego relacionado coa súa titulación.

1 Os datos entre paréntesis correspondense ao *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007"*.

Entre os titulados, tres vías concentran a obtención do 55,28% dos primeiros empregos: a *candidatura espontánea,* a *internet* e a través de contactos persoais, *familiares ou amizades*.

O 57,27% (62%) dos titulados tarda tres meses ou menos en atopar o seu primeiro emprego despois da titulación. De media, os titulados tardan 5,32 (4,79) meses en atoparen o seu primeiro emprego.

Os titulados salientan como factores importantes á hora de se obter un emprego: *aproveitar as oportunidades,* a *experiencia laboral relacionada*, o *ter mobilidade xeográfica*, a *actitude durante a entrevista* e *ser constante na busca.*

O 28,34% (34%) dos titulados no curso 2007-2008 continúan estudos universitarios, mentres que un 26,02% (30%) preparan oposicións.

A maioría dos titulados que seguen a estudar faino nun mestrado ou posgrao, cunha demanda media dun 46,20% (35,03%) no SUG. Os estudos de licenciaturas ou enxeñarías cun 24,19% (22,18%) no SUG son os que ocupan o segundo posto, mentres que un 16,15% cursa estudos de terceiro ciclo (14,52%).

O motivo principal para continuar os estudos é *estar en mellores condicións de atopar emprego*, seguido polo *desenvolvemento ou promoción laboral*.

A porcentaxe de titulados que están a traballar é do 61,93% (66%). A porcentaxe de titulados que están a traballar, mais que o fan nun posto sen relación coa súa titulación, é do 3,81% (3,37%).

O 85,87% (86%) dos titulados do SUG está a traballar en Galicia, mentres que preto dun 13,66% (13,24%) faino fóra de Galicia, mais dentro do territorio nacional. A maioría indica que os motivos para traballar fóra de Galicia son ben unha *mellor oferta no exterior* ou ben *non atopar traballo en Galicia.*

Os titulados estiveron, unha vez finalizados os estudos, en 2,11 (2,03) empresas con 4,08 (3,33) contratos distintos. Case a metade das empresas en que están a traballar son empresas con menos de 50 empregados.

O 91,51% (91,25%) dos titulados que traballan faino por conta allea. Tan só o 8,49% (8,75%) traballa por conta propia, dos cales un 78,88% (82,93%) está dado de alta. Canto ao tipo de xornada, o 78,36% (79,36%) traballa a tempo completo.

O 62,62% (62,51%) dos titulados do SUG ten un salario superior aos 1000 euros mensuais. O salario medio dun titulado no curso 2007-2008 é de 1179,94 euros (1175,74), para as mulleres de 1138,90 euros e para os homes de 1240,40 euros.

O 79,86% (80,03%) dos titulados considera que o posto de traballo se adecúa moito ou bastante á titulación obtida, mentres que o 52,97% (56,17%) considera que o grao de consonancia entre a situación laboral acadada e o esforzo realizado ao cursar a titulación é alta ou moi alta.

As competencias consideradas como máis importantes para o traballo actualmente son a *capacidade para a aprendizaxe,* a *motivación,* a *capacidade para resolver problemas*, a *capacidade de comunicación,* a *capacidade de asumir responsabilidades* e o *traballo en equipo.*

A maioría dos titulados considera necesaria, por parte da universidade, unha maior información para a procura de emprego.

O 90,67% (88,50%) dos titulados volvería cursar estudos universitarios. Deles, o 81,55% (81,02%) volvería elixir a mesma titulación, e repetiría na mesma universidade o 87,07% (89,74%).

## 4.2. Perfil dos titulados no SUG 2007-2008

Táboa 13. Perfil dos titulados no SUG 2007-2008 dous anos despois de remataren os seus estudos.

| | | |
|---|---|---|
| **Titulados do SUG** | | |
| O 77,33% accedeu á titulación elixida como primeira opción | • O 48,55% rematou a titulación nos anos estipulados<br>• O 19,88% precisou un ano máis | |
| **Acceso ao emprego** | | |
| • O 51,13% buscou e atopou traballo<br>• O 31,08% buscou e non atopou traballo | | |
| **Entre os que atoparon emprego...** | | |
| • O 23,15% tardou en atopar emprego menos dun mes<br>• O 34,12% tardou en atopar emprego entre un e tres meses | Vía propiciatoria do primeiro emprego:<br>• Familiares/amizades (21,47%)<br>• Internet (19,16%)<br>• Candidatura espontánea (14,65%) | |
| **Situación actual** | | |
| O 26,02% prepara oposicións | O 61,93% traballa | O 28,34% estuda |
| **Entre os que traballan...** | | |
| • O 85,87% traballa en Galicia<br>• O 13,66% traballa no resto de España | • O 32,19% cobra entre 500 € e 1000 €<br>• O 40,25% cobra entre 1000 € e 1500 € | |
| **Repetición do itinerario académico** | | |
| • O 90,67% volvería cursar estudos universitarios<br>• O 81,55% volvería cursar a mesma titulación | | |

## 4.3. Descritiva da poboación

Nesta primeira epígrafe achégase información sobre as características da poboación de interese, os titulados no SUG durante o curso 2007-2008, atendendo a factores sociodemográficos como o sexo ou o nivel de estudos dos pais, os anos empregados a maiores na titulación e a nota media do expediente. A análise destas características é relevante na interpretación doutros resultados obtidos no tocante á inserción laboral dos titulados, que poden vir determinados ou influenciados por elas.

### 4.3.1. Distribución da mostra por sexo

Ao igual que nos resultados de estudos anteriores, e en concordancia coas estatísticas propias das universidades do SUG, a porcentaxe de mulleres tituladas durante o curso 2007-2008 é superior á dos homes, cun 67,29%. Esta porcentaxe é lixeiramente superior á rexistrada no anterior estudo (PIL0607), dun 66,79%.

Os resultados da distribución dos titulados por sexo poden verse na Figura 18, por rama de coñecemento e para o total do SUG. Nas ramas de Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas IV, as porcentaxes de mulleres superan o 80%. A rama en que existe unha menor porcentaxe de mulleres é Enxeñaría e Arquitectura, cun 37,86%. Se comparamos estes datos cos do PIL0607, de novo é Enxeñaría e Arquitectura onde a presenza de mulleres é menor, cunha porcentaxe semellante, neste estudo do 37,95%.

Figura 18. Distribución dos titulados por sexo.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




### 4.3.2. Nivel de estudos dos pais

Os niveis de estudos dos pais foron tamén analizados por rama de coñecemento e para o global dos titulados, xa que as condicións educativas familiares poden constituír un factor de importancia na elección da traxectoria académica dos estudantes. Na Táboa 14 inclúese a distribución dos estudos dos pais, segundo o nivel de estudos máis alto rematado, para o conxunto do SUG.

As porcentaxes de proxenitores con estudos universitarios medios ou superiores son dun 20,48% para as nais e dun 21,44% para os pais. Estas porcentaxes son similares ás rexistradas no PIL0607, do 19,90% e o 22,07% respectivamente. Por rama de coñecemento, os resultados achéganse na Figura 19 para a nai e na Figura 20 para o pai. De xeito máis detallado, podemos observar que en Ciencias da Saúde, Ciencias e Ciencias Sociais e Xurídicas I e III, a porcentaxe de nais e pais con estudos universitarios medios ou superiores é semellante, cunha diferenza porcentual inferior ao 1,5%. A maior diferenza atópase en Ciencias Sociais e Xurídicas II, onde a porcentaxe de nais con estudos superiores é do 18,61% e a de pais é do 24,02%.

Táboa 14. Nivel de estudos da nai e do pai.
Resultados para o total do SUG.

| Nivel de estudos | Nai | Pai |
|---|---|---|
| Sen estudos | 2,21% | 1,92% |
| Primarios | 52,01% | 47,85% |
| Bacharelato/formación profesional | 25,30% | 28,79% |
| Universitarios medios | 11,26% | 8,94% |
| Universitarios superiores | 9,22% | 12,50% |

Figura 19. Nivel de estudos da nai.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Figura 20. Nivel de estudos do pai.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




### 4.3.3. Titulación cursada como primeira opción

Un 77,33% dos estudantes que acceden a estudos universitarios faino na titulación que elixe como primeira opción. Como pode verse na Figura 21, para o total do SUG e por rama de coñecemento, atópase lixeiramente por enriba da obtida no PIL0607, en que era dun 74,58%.

Como xa se ten comentado noutras ocasións, a alta porcentaxe de titulados que acceden á titulación escollida como primeira opción pode repercutir positivamente na súa satisfacción cos estudos realizados. Por rama de coñecemento (Figura 21), as porcentaxes máis altas aparecen na de Ciencias da Saúde (85,56%), seguida de Artes e Humanidades II (82,28%) e Ciencias Sociais e Xurídicas II (80,62%).

Doutra banda, os estudantes que teñen maior dificultade para entraren na titulación escollida como primeira opción son os de Ciencias Sociais e Xurídicas III, cunha porcentaxe de acceso dun 70,64%. En relación co PIL0607 obsérvase un lixeiro incremento nas porcentaxes de acceso á primeira opción en xeral, ao tempo que se mantén a rama de Ciencias da Saúde como a máis cursada na primeira opción.

Figura 21. Titulados que cursaron a titulación elixida como primeira opción. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




### 4.3.4. Anos a maiores empregados na titulación

Os plans de estudos que remataron os titulados no curso 2007-2008 tiñan unha duración estipulada de entre tres e seis cursos académicos, aínda que é coñecido que non todos acadan o título no tempo previsto. Con todo, máis do 48% dos titulados no SUG rematou os estudos nos anos estipulados no plan (un 2,41% por enriba da porcentaxe rexistrada no PIL0607). O 33,73% tarda un ou dous anos máis do establecido no plan (Táboa 15), porcentaxe similar á do PIL0607.

Por rama de coñecemento, como pode verse na Figura 22, existen diferenzas salientables, aínda que debe terse en conta a distinta configuración das ramas en relación co número de titulacións de ciclo curto (diplomaturas ou enxeñarías técnicas) e de ciclo longo (licenciaturas ou enxeñarías). Cos resultados obtidos, poderían establecerse catro grupos segundo a porcentaxe de titulados que rematan nos anos marcados no plan de estudos.

– Un primeiro grupo estaría formado por Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas III e IV, onde a porcentaxe de titulados que rematan no tempo previsto supera o 70%.

– Por outro lado estarían os titulados en Artes e Humanidades I e II, dos cales rematan no tempo estipulado máis do 60%.

– Un terceiro grupo estaría formado por Ciencias e Ciencias Sociais e Xurídicas I e II, con porcentaxes superiores ao 30%.

– Finalmente, na rama de Enxeñaría e Arquitectura, tan só un 9,06% dos titulados remata nos anos previstos. A agrupación resultante é moi semellante á obtida no PIL0607.

Figura 22. Anos a maiores empregados na titulación.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 15. Distribución dos titulados por anos a maiores empregados na titulación.
Resultados para o total do SUG.

| Anos a maiores empregados na titulación | % 2007-2008 SUG |
|---|---|
| Ningún | 48,55% |
| 1 | 19,88% |
| 2 | 13,85% |
| 3 | 8,14% |
| 4 | 4,15% |
| 5 | 2,89% |
| 6 ou máis | 2,54% |

### 4.3.5. Nota media do expediente

A nota media do expediente que se achega foilles requirida aos titulados durante a enquisa telefónica. Deles, un 58,38% ten unha media de *aprobado*, mentres que un 39,27% afirma ter unha nota media de *notable* e un 2,23% obtén unha nota superior a esta (*sobresaliente* ou *matrícula de honra*). Estas porcentaxes son lixeiramente máis altas que as obtidas no PIL0607, agás na porcentaxe de *aprobados,* que está un 2,55% por debaixo.

Por rama de coñecemento, como pode observarse na Figura 23, os titulados cunha maior porcentaxe de *aprobados* no seu expediente son os de Enxeñaría e Arquitectura (73,93%), seguidos dos que fixeron Ciencias Sociais e Xurídicas I (71,71%) e Ciencias (71,02%). Os titulados que rematan con mellores expedientes son os de Ciencias da Saúde e os de Ciencias Sociais e Xurídicas III e IV, onde máis da metade ten unha media igual ou superior ao *notable*, seguidos polos de Artes e Humanidades I, cunha porcentaxe lixeiramente inferior ao 50% de titulados cunha media igual ou superior ao *notable*.

Figura 23. Nota media do expediente.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



## 4.4. Formación. Estadía na universidade

Neste epígrafe analízase a experiencia dos titulados no seu paso pola universidade, tanto no referente aos estudos complementarios que realizaron como no tocante ás actividades propias da vida dos estudantes. O obxecto é sondarmos o grao de satisfacción cos servizos recibidos mediante unha serie de indicadores. Con este fin, primeiramente farase unha análise máis completa do tipo de estudos que cursaron, alén dos propios da titulación pola que foron seleccionados nesta enquisa, para logo inquirirmos que opinión lles mereceu algúns dos servizos recibidos no seu paso pola universidade.

### 4.4.1. Outros estudos universitarios rematados

A respecto dos estudos universitarios rematados polos titulados, ademais da propia titulación pola que foron seleccionados para esta enquisa, cabe destacarmos que un 14,69% dos titulados no curso 2007-2008 ten rematada outra titulación universitaria (Figura 24). Por rama de coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas III é a que presenta unha maior porcentaxe de titulados con outras titulacións universitarias, cun 27,61% de titulados con outros estudos universitarios. No caso oposto figuran os de Ciencias Sociais e Xurídicas II (4,20%), seguidos polos de Ciencias (8,08%) e Ciencias da Saúde (9,24%). Estes datos son similares aos achegados en estudos anteriores como o do PIL0607.

Figura 24. Outras titulacións universitarias rematadas. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Co fin de clarificarmos máis esta formación adicional dos titulados, clasificáronse estes estudos adicionais dos titulados en 2007-2008 nas tres categorías clásicas: diplomaturas ou enxeñarías técnicas, licenciaturas ou enxeñarías e titulacións propias do SUG. Como pode verse na Figura 25, dos titulados que teñen outros estudos[2], un 54,38% cursou unha titulación de ciclo curto (case un 7% máis que no PIL0607), mentres que un 38,39% estudou unha licenciatura ou enxeñaría (unha porcentaxe moi semellante á do PIL0607). Un 10,15% dos titulados ten ademais unha titulación propia, co que esta porcentaxe diminúe nun 5% con respecto ao estudo anterior.

Por rama de coñecemento (Figura 25), Ciencias Sociais e Xurídicas III presenta a maior porcentaxe de titulados que cursaron a maiores unha titulación de ciclo curto (diplomatura ou enxeñaría técnica), cun 62,95%, seguida de Enxeñaría e Arquitectura (59,30%), mentres que Ciencias Sociais e Xurídicas IV presenta a maior porcentaxe dos que cursaron a maiores outra licenciatura ou enxeñaría, máis do 80%.

No caso das titulacións propias, son as ramas de Artes e Humanidades I (32,71%) e a de Ciencias da Saúde (32,20%) as que presentan as maiores porcentaxes, cuns resultados que difiren lixeiramente dos obtidos no PIL0607, aínda que tendo en conta a baixa porcentaxe de titulados con titulacións propias desta enquisa non representan diferenzas significativas.

2 As porcentaxes poden sumar máis do 100% porque pode haber titulados con máis dunha titulación rematada, a maiores da de referencia para o estudo.

Figura 25. Tipos de titulacións universitarias rematadas.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




### 4.4.2. Estudos de posgrao rematados

Os titulados analizados neste estudo tiveron a oportunidade de cursaren diferentes estudos enmarcados dentro do que oficialmente se denominaba posgraos. Neste sentido, cabe mencionarmos que os novos estudos de posgrao veñen de mudar coa implantación do EEES e pasaron da oferta anterior, onde convivían os estudos de terceiro ciclo cos de mestrado, aos novos mestrados universitarios. En ambos os casos, o obxectivo destes estudos é ofrecer unha formación de alto nivel, especializada tanto nunha rama específica do saber como en áreas interdisciplinares, co fin de mellorar as competencias específicas nalgún ámbito profesional ou disciplinar. O coñecemento desta formación complementaria e o grao de satisfacción manifestado polos titulados para as distintas ramas de coñecemento será de grande utilidade para planificacións futuras do novo mapa de titulacións.

Dos resultados das enquisas salienta que un 25,96% dos titulados en 2007-2008 ten estudos de terceiro ciclo ou de posgrao rematados. Por ramas de coñecemento (Figura 26), esta porcentaxe varía entre o aproximadamente 38% de Ciencias e o 15,46% de Ciencias Sociais e Xurídicas III.

Figura 26. Estudos de posgrao rematados.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 16. Porcentaxes de titulados con estudos de posgrao rematados.
Resultados para o total do SUG.

| Tipo de estudos de posgrao | % 2007-2008 SUG |
|---|---|
| Terceiro ciclo | 11,04% |
| Mestrado/posgrao | 90,41% |

Dentro do grupo de titulados con estudos de posgrao, un 90,41% elixiu un mestrado ou un posgrao, mentres que o 11,04% rematou estudos de terceiro ciclo (Táboa 16). Por rama de coñecemento (Figura 27), no caso dos estudos de mestrado ou posgrao, esta porcentaxe varía entre o 95,55% da rama de Enxeñaría e Arquitectura que rematou algún mestrado ou posgrao e o 77,69% da rama de Artes e Humanidades II. Estes resultados son moi similares aos presentados no PIL0607.

Figura 27. Tipos de estudos de posgrao rematados.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Entre os motivos que levan os titulados a cursaren este tipo de estudos seguen a destacar o de *estar en mellores condicións para atopar emprego*, cunha porcentaxe do 46,78%, seguido polo *desenvolvemento ou promoción laboral* (35,81%). Un 13,99% afirma cursar estes estudos por *carencias na formación previa*.

Por rama de coñecemento (Figura 28) os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas IV son os que atopan unha maior *carencia formativa* (cun 18,03%), seguidos dos da rama de Enxeñaría e Arquitectura (cun 16,56%). Pola contra, son as ramas de Artes e Humanidades I e II (6,92% e 4,74% respectivamente) aquelas en que en menores porcentaxes se presenta o motivo das carencias formativas.

Figura 28. Motivos para cursar un posgrao.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




### 4.4.3. A estadía na universidade

A importancia que ten para a planificación por parte dos responsables de programas de mellora dirixidos a estudantes e titulados das universidades, fai que cada vez resulte máis necesario coñecermos o grao de satisfacción que manifestan os titulados no tocante a distintos aspectos do seu paso pola universidade. Así, o obxectivo desta epígrafe é recollermos a percepción que os titulados teñen sobre distintos aspectos das materias cursadas e do plan de estudos, a realización de prácticas externas en empresas e o apoio que a universidade lles presta nos primeiros momentos do seu desempeño laboral.

Centrándonos nos contidos das materias cursadas, unha terceira parte dos titulados no SUG (32,95%) considera que os avances e a tecnoloxía predominante no seu campo se tiveron pouco ou nada en conta na titulación. Por rama de coñecemento, en Ciencias Sociais e Xurídicas II é onde acusan máis esta carencia: un 48,76% considera que os avances e a tecnoloxía no seu campo contaron pouco ou nada nos contidos da materia. No outro extremo, os titulados de Ciencias da Saúde presentan a maior porcentaxe de satisfacción: o 50,88% considera que se tiveron en conta bastante ou moito

os avances e a tecnoloxía no seu campo, mentres que esta porcentaxe é dun 29,47% para o total do SUG (Figura 29).

Figura 29. Nos contidos das materias tivéronse en conta os avances e a tecnoloxía predominantes no seu campo. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Para analizarmos a necesidade de apoio externo buscado fóra da universidade para superaren as materias, preguntóuselles aos estudantes se recorreran a clases adicionais na Figura 30 achégase a valoración da necesidade de apoio externo durante os estudos universitarios. Así, no ámbito do SUG un 49,93% afirma que necesitou algún tipo de apoio. Por rama de coñecemento, os titulados de Enxeñaría e Arquitectura (69,49%) e de Ciencias Sociais e Xurídicas I (86,38%) son os que máis apoio precisaron.

Figura 30. Valoración do grao de necesidade de apoio externo (academias) nalgunha das materias. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Outro índice de grande interese para valorarmos a estadía na universidade é o número de anos necesarios para rematar a titulación, polo que se lles preguntou aos titulados pola percepción que teñen sobre o tempo establecido para acabala. Un 70,17% dos titulados do SUG está bastante ou moi de acordo con que o plan de estudos permite rematar a titulación no tempo estipulado. Por rama de coñecemento salientan os titulados de Artes e Humanidades I, para os cales esta porcentaxe é do 92,54%. Os máis discrepantes son os titulados en Enxeñaría e Arquitectura, onde tan só un 30,08% está de acordo co tempo marcado para finalizar a titulación. Na Figura 31 pódense observar estes datos.

Figura 31. O plan de estudos permite rematar a titulación no tempo estipulado. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Unha vez rematada a titulación, o 38,87% dos titulados no SUG precisou da colaboración dos profesores (Figura 32). Esta porcentaxe presenta grandes variacións entre as distintas ramas de coñecemento: os que máis acudiron a antigos profesores foron os titulados de Ciencias da Saúde (64,62%) e os que menos os de Ciencias Sociais e Xurídicas II (23,73%).

A estes titulados que precisaron dos profesores pedíuselles que valorasen a súa colaboración (Figura 33). Aínda que a maioría dos titulados do SUG fai unha valoración positiva desta colaboración, cabe destacarmos o descontento que amosan os titulados da rama de Ciencias da Saúde.

Figura 32. Unha vez rematada a titulación precisou da colaboración dalgún profesor. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Figura 33. Grao de satisfacción coa colaboración do profesorado unha vez rematada a titulación. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Un aspecto que cada vez ten unha maior importancia na formación complementaria dos estudantes universitarios é a realización de prácticas en empresas. O 35,89% dos titulados no SUG considera que se lle facilitou bastante ou moito a realización de prácticas externas (en empresas ou institucións) desde a súa universidade (Figura 34).

Por rama de coñecemento, os que máis valoran este aspecto da súa universidade son os titulados de Ciencias da Saúde (64,94%), Ciencias Sociais e Xurídicas IV (58,62%) e Ciencias Sociais e Xurídicas III (44,59%), que consideran que as prácticas se lles facilitaron bastante ou moito. Débese sinalar que para algunha das ramas de coñecemento consideradas a realización de prácticas externas é obrigatoria para obter o título (o prácticum é necesario en todas as titulacións de Ciencias da Saúde e na maioría das de Ciencias Sociais e Xurídicas III). No outro extremo, os titulados que peor valoran este aspecto son os de Artes e Humanidades II: o 74,34% pensa que as prácticas se facilitaban pouco ou nada.

Figura 34. Facilidade para a realización de prácticas en empresas. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.



O 69,05% dos titulados no SUG durante o curso 2007-2008 realizou prácticas en empresas. A distribución por rama de coñecemento e para o total do SUG amósase na Figura 35. Pódese observar que as ramas cunha maior porcentaxe de estudantes que realizaron prácticas son Ciencias da Saúde (88,33%), seguida de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (86,63%) e Ciencias Sociais e Xurídicas III (84,51%). No outro extremo atópase Artes e Humanidades II, con tan só un 19,48% de titulados que fixeron prácticas.

Figura 35. Realización de prácticas en empresas.
Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Aos titulados que realizaron prácticas en empresas ou institucións preguntóuselles pola utilidade destas prácticas no posterior proceso de inserción laboral (Figura 36). Do 69,05% que fixo prácticas en empresas, un 50,98% considera que a súa realización resultou ser de bastante ou moita utilidade para a inserción laboral.

Figura 36. Utilidade das prácticas en empresas no proceso de inserción laboral. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Canto á posibilidade de que os titulados compaxinasen un traballo cos estudos durante a titulación, os datos son similares aos de anteriores informes, pois obtense que o 60,09% dos titulados estudou a tempo completo. Esta porcentaxe é moi semellante en case todas as ramas de coñecemento, aínda que resulta lixeiramente inferior en Ciencias Sociais e Xurídicas III (52,02%) e acada case o 72% para os titulados de Ciencias da Saúde (Figura 37).

Figura 37. Titulados que compaxinaron estudos e traballo.
Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




De compaxinar traballo e estudos, a maioría fíxoo cun traballo esporádico (máis do 46%). A porcentaxe daqueles que tiveron un traballo a tempo completo é superior ao 19% no conxunto do SUG (Figura 38) e achégase ao 28% no caso de Ciencias Sociais e Xurídicas II, ao igual que en estudos anteriores.

Figura 38. Tipo de traballo con que compaxinaron os estudos.
Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Ademais, aos titulados que compaxinaron estudos e traballo pedíuselles que valorasen a relación dese traballo coa titulación cursada (Figura 39). No total dos titulados do SUG teñen máis peso aqueles que manifestan que o traballo realizado tiña pouca ou ningunha relación coa titulación cursada (45,74%) que os que din que tiña bastante ou moita relación (32,54%). Por rama de coñecemento, tan só os de Ciencias Sociais e Xurídicas IV chegan a inverter lixeiramente este resultado cun 40,23% que manifesta que o traballo si tiña moita ou bastante relación cos seus estudos, fronte ao caso dos titulados da rama de Ciencias, dos cales tan só un 13,30% manifesta esta sintonía entre o traballo realizado e os seus estudos.

Figura 39. Relación do traballo realizado durante os estudos coa titulación cursada. Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.




## 4.5. Acceso ao emprego

Como parte do proceso de inserción laboral dos titulados, é necesario analizarmos a busca de emprego e o uso das distintas vías utilizadas nesta busca, e determinarmos cales resultan máis efectivas.

Entre os titulados que buscaron un emprego relacionado coa súa titulación unha vez rematados os estudos, pescudáronse as vías que utilizaron nesta procura, a que propiciou o seu primeiro emprego, o tempo que tardaron en atopalo, os factores que consideran máis valorados no proceso de contratación e os motivos que os levaron a rexeitar unha oferta de emprego, se é que o fixeron.

Figura 40. Titulados que buscaron un traballo relacionado coa súa titulación. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Un 17,79% dos titulados do SUG manifestou non ter buscado un traballo relacionado coa súa titulación. Os titulados que máis acoden a traballos sen relación son os de Ciencias Sociais e Xurídicas II (30,46%) e os de Artes e Humanidades I e II (26,64% e 21,00% respectivamente). Os que máis buscan un emprego relacionado coa titulación son os de Ciencias da Saúde, tan só un 11,93% non o fai (Figura 40).

Entre os que buscaron traballo relacionado coa titulación, un 51,13% dos titulados no SUG atopouno. Por ramas de coñecemento destaca Ciencias da Saúde, onde o 83,25% dos titulados que buscan un emprego relacionado é quen de atopalo. Tan só dúas ramas de coñecemento se achegan á media do SUG, Enxeñaría e Arquitectura (57,21%) e Ciencias Sociais e Xurídicas I (53,91%). Nas demais ramas, os titulados que buscan e atopan un emprego relacionado coa súa titulación rolda o 40%, agás en Artes e Humanidades I, onde isto tan só ocorre cun 25,82% dos titulados.

## 4.5.1. Busca de emprego

Figura 41. Utilización das diferentes vías de busca de emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG. Parte 1.




Figura 42. Utilización das diferentes vías de busca de emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG. Parte 2.



Figura 43. Utilización das diferentes vías de busca de emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG. Parte 3.




Os titulados valoraron a utilización que fixeron das diferentes vías de busca de emprego nunha escala de 1 (nada) a 5 (moito). As vías máis destacadas no total do SUG son a *internet* (3,83), a *candidatura espontánea* (3,59) e os *familiares/amizades* (3,00) (Figura 41, Figura 42 e Figura 43). As vías menos empregadas polos titulados do SUG son o *autoemprego* (1,60), *pór anuncios* (1,40) e as *OSIX* (1,32).

Nas distintas ramas de coñecemento, os resultados son bastante semellantes. Pódese salientar a maior utilización que os titulados de Ciencias da Saúde fan da *oposición/concurso público* (3,47), en detrimento do uso da *internet* (2,91), que aparece como a segunda vía de busca de emprego nesta rama. Aparecen ademais tres ramas de coñecemento en que a terceira vía máis usada na busca de emprego no SUG, *familiares/amizades,* se ve substituída pola *oposición/concurso público* no caso de Ciencias Sociais e Xurídicas III (3,30); as *ofertas e bolsas de traballo a través da universidade (non OSIX)* no caso de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (3,08); ou a *resposta a un anuncio de traballo en prensa* no caso de Artes e Humanidades II (3,22). Entre as vías menos utilizadas, os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III e IV, e Artes e Humanidades I e II, salientan as *consultorías* (1,48; 1,40; 1,39 e 1,53 respectivamente).

Para alén disto, preguntóuselles aos titulados do SUG cal foi a vía pola que atoparon o seu primeiro emprego. Un 21,47% atopouno a través dos *familiares/amizades*, un 19,16% mediante a *internet* e un 14,65% por *candidatura espontánea*. Estas tres vías concentran o 55,28% dos titulados. No outro extremo, algunhas vías non chegan ao 1%: *OSIX*, *pór anuncios* e *consultorías* (Figura 44).

Os resultados son moi similares por ramas de coñecemento. Pódense salientar algunhas vías que funcionan especialmente ben para algunhas ramas en concreto, como as *ofertas e bolsas de traballo a través da universidade (non OSIX)*, cun 14,23% dos primeiros empregos entre os titulados de Ciencias e un 12,18% entre os de Enxeñaría e Arquitectura; ou as *bolsas de traballo doutras institucións*, vía pola que un 29,35% dos titulados de Artes e Humanidades I atopa o seu primeiro emprego.

Figura 44. Vía propiciatoria do primeiro emprego.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Como nos anteriores estudos de inserción laboral, preséntase a seguir unha medida cualitativa da efectividade das distintas vías de busca de emprego, en que se representan graficamente as puntuacións por uso que os titulados lles dan ás distintas vías de busca de emprego, así como as porcentaxes de primeiros empregos que se conseguen por medio de cada unha delas. Para

os titulados do SUG (Figura 45), as vías mellor valoradas segundo estes dous parámetros son a *candidatura espontánea,* a *internet* e os *familiares/amizades.* Salienta esta última, para a que a porcentaxe de empregos conseguidos está moi por enriba da correspondente pola súa puntuación de uso.

Figura 45. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego. Resultados para o total do SUG.




Entre as distintas ramas de coñecemento os resultados son bastante homoxéneos, con pequenas diferenzas (Figura 46 a Figura 54). Para os titulados de Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura e Artes e Humanidades I, a *candidatura espontánea* empeora a súa efectividade, con puntuacións por uso semellantes ás do SUG, ao ter unha menor porcentaxe de primeiros empregos. O mesmo ocorre coa *internet* segundo os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III.

As *ofertas e bolsas de traballo a través da universidade* son unha vía con alta efectividade segundo os titulados de Ciencias; o mesmo que as *bolsas de traballo doutras institucións* para os titulados de Artes e Humanidades I, que atinxen maiores porcentaxes de primeiros empregos, cunha valoración de utilización moi similar á do SUG.

Figura 46. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Ciencias da Saúde.




Figura 47. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Ciencias.



Figura 48. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Enxeñaría e Arquitectura.




Figura 49. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas I.



Figura 50. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II.




Figura 51. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III.



Figura 52. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas IV.




Figura 53. Efectividade das diferentes vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Artes e Humanidades I.



**Figura 54.** Efectividade das diferentes vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Artes e Humanidades II.




**Figura 55.** Tempo que tardaron en atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



No tocante ao tempo que os titulados do SUG tardan en atopar o seu primeiro emprego unha vez obtido o título, un 57,27% tarda 3 meses ou menos. Esta porcentaxe é moito máis elevada en Enxeñaría e Arquitectura (71,70%), en Ciencias da Saúde (65,44%) e en Ciencias Sociais e Xurídicas I (63,27%). Porén, en Artes e Humanidades I ou en Ciencias Sociais e Xurídicas III, tan só un 39,98% e un 42,35% dos titulados, respectivamente, tardan 3 meses ou menos (Figura 55).

Figura 56. Tempo medio, en meses, que tardaron en atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




O tempo medio que os titulados do SUG tardan en atoparen o seu primeiro emprego é de 5,32 meses. Os titulados que máis rápido atopan o seu primeiro emprego son os de Enxeñaría e Arquitectura (3,19 meses), seguidos dos titulados de Ciencias da Saúde (3,97 meses). Os que máis tardan dentro do SUG son os de Ciencias Sociais e Xurídicas III (7,86 meses) e os de Artes e Humanidades I (7,57 meses) (Figura 56).

### 4.5.2. A contratación

Para avaliarmos o proceso de contratación, pedíuselles aos titulados do SUG que valorasen, nunha escala de 1 (nada) a 5 (moito), a importancia de distintos factores de cara a obter un emprego (Figura 57 a Figura 59). Os titulados do SUG destacan como factores máis relevantes o feito de *aproveitar as oportunidades* (4,50), a *experiencia laboral relacionada* (4,41), *ter mobilidade xeográfica* (4,29), a *actitude durante a entrevista* (4,27) e *ser constante na busca* (4,15).

Figura 57. Factores valorados na contratación.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG. Parte 1.




Figura 58. Factores valorados na contratación.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG. Parte 2.



Figura 59. Factores valorados na contratación.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG. Parte 3.




Existe bastante homoxeneidade nos resultados destas valoracións entre as distintas ramas de coñecemento. As diferenzas máis salientables atopámolas nos titulados de Ciencias da Saúde, que salientan a *titulación estudada* (4,68) como o factor máis importante; os de Ciencias Sociais e Xurídicas IV e Artes e Humanidades II, que sinalan os *coñecementos de idiomas*, en vez de *ser constante na busca* e *ter mobilidade xeográfica*, respectivamente, con valoracións de 4,29 e 4,43; os titulados de Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas I e II, e Artes e Humanidades I, sinalan entre os factores máis valorados os *coñecementos de informática* (4,29; 4,32; 4,13 e 4,18 respectivamente) en vez do feito de *ser constante na busca*.

Figura 60. Titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Unha vez superado o proceso de selección, o 44,22% dos titulados do SUG manifesta que rexeitou algunha oferta de traballo (Figura 60). Esta porcentaxe supera o 50% en dúas das nove ramas de coñecemento: Ciencias da Saúde (50,67%) e Enxeñaría e Arquitectura (53,31%). As ramas en que menos titulados rexeitaron algunha oferta son Ciencias (34,48%), Ciencias Sociais e Xurídicas III (36,00%) e Artes e Humanidades II (40,14%).

Figura 61. Motivos para rexeitar unha oferta de traballo.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Os principais motivos para rexeitar unha oferta de traballo, segundo os titulados do SUG, foron a *existencia dunha oferta mellor* (38,08%), unha *oferta económica inadecuada* (25,61%), un *horario de traballo inadecuado* (12,56%) e que *o traballo para realizar non resultaba atractivo* (12,19%) (Figura 61).

Os resultados son moi similares nas nove ramas de coñecemento analizadas. As pequenas diferenzas cos resultados globais son que Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas I, II e IV, e Artes e Humanidades II sinalan unha *modalidade de contratación inadecuada* entre os principais motivos para rexeitaren un emprego, con porcentaxes do 8,72%, 13,61%, 15,83%, 12,42% e 9,82%, respectivamente. Artes e Humanidades II sinala tamén, nun 11,12% dos casos, un *posto de cualificación inferior ao título*.

## 4.6. Situación actual

Neste epígrafe descríbese a situación laboral dos titulados no que ten a ver tanto coas súas características obxectivas como coa súa valoración sobre o grao de axuste entre estas características e a súa formación académica. Nesta

análise é preciso termos en conta que se trata dun colectivo que acadou a súa titulación no curso académico 2007-2008, é dicir, dous anos antes de se realizar a enquisa. Por iso, calquera conclusión sobre o grao e calidade da inserción laboral destes titulados refírese aos dous anos inmediatamente posteriores á súa titulación.

### 4.6.1. Actividade dos titulados

En primeiro lugar analizamos as porcentaxes de titulados que traballan, continúan os seus estudos ou preparan oposicións. Ao falarmos da continuación de estudos, facémolo de todos aqueles titulados que continuaron a estudar outra diplomatura, licenciatura ou enxeñaría; tamén dos que seguiron cunha titulación propia, un mestrado ou posgrao, ou dos que continuaron con estudos de doutoramento. Neste caso non estamos a reflectir a porcentaxe de titulados que adquiren un formación complementaria non-regulada, como estudos de idiomas ou informática.

Táboa 17. Porcentaxe de titulados no SUG que traballan, estudan e/ou preparan oposicións. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | % Traballa | % Estuda | % Prepara oposicións |
|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 81,38% | 23,06% | 28,00% |
| Ciencias | 60,17% | 37,82% | 19,53% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 67,61% | 32,76% | 7,36% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 58,88% | 20,63% | 17,97% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 57,54% | 22,44% | 34,08% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 56,91% | 27,23% | 46,64% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 55,52% | 28,76% | 11,72% |
| Artes e Humanidades I | 38,44% | 38,97% | 31,68% |
| Artes e Humanidades II | 49,33% | 43,04% | 33,42% |
| **SUG** | **61,93%** | **28,34%** | **26,02%** |

Como se pode observar na Táboa 17 (Figura 62 e Figura 63), o 61,93% dos titulados está a traballar. Con todo, a porcentaxe de inserción por rama de coñecemento é bastante irregular. Salienta no lado positivo Ciencias da Saúde, cun 81,38% de titulados que traballan, e a certa distancia Enxeñaría e Arquitectura, cun 67,61%. Un segundo bloque de titulacións está constituído por Ciencias (60,17%) e os diferentes grupos de Ciencias Sociais e Xurídicas, con porcentaxes que van desde o 58,88% das Ciencias Sociais e Xurídicas I ao 55,52% de Ciencias Sociais e Xurídicas IV. As ramas con menor grao de inserción son Artes e Humanidades II e I cun 49,33% e un 38,44% respectivamente.

Figura 62. Porcentaxe de titulados que preparan oposicións.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Figura 63. Porcentaxe de titulados que continúan estudos.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Como pode observarse na mesma Táboa 17, unha porcentaxe importante de titulados decide continuar cos seus estudos (28,34%) ou preparar oposicións (26,02%). Os estudos máis demandados no ámbito do SUG son os de mestrado e posgrao, cunha demanda media do 46,04%, seguidos polos de segundo ciclo (licenciatura e enxeñaría) cun 24,19%, e os estudos de terceiro ciclo cun 16,15%.

En comparación cos estudos de inserción dos dous últimos anos (titulados en 2005-2006 e 2006-2007), os estudos de mestrado e posgrao manteñen a súa tendencia crecente con incrementos netos de 10 puntos porcentuais por ano, mentres que os estudos de segundo ciclo, terceiro ciclo e primeiro ciclo (outras titulacións diferentes) seguen máis ou menos estables. Con todo, salienta a forte diminución da demanda de estudos relativos a titulacións propias, do 7,72% arestora cando nos titulados en 2006-2007 foi do 20,40%.

A Figura 64 mostra o detalle desta demanda por rama de coñecemento e para o total do SUG. Salienta a importancia xeral dos estudos de mestrado e posgrao, así como a relevancia que teñen os estudos de terceiro ciclo na rama de Ciencias.

Figura 64. Tipo de estudos en que continúa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Figura 65. Motivos para continuar os estudos.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 18. Motivos para continuar os estudos.
Distribución dos titulados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Mellores condicións | Promoción laboral | Carencias formativas | Outras razóns |
|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 38,13% | 52,42% | 2,37% | 13,95% |
| Ciencias | 48,05% | 32,40% | 13,48% | 42,93% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 44,53% | 43,78% | 15,25% | 41,23% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 48,23% | 37,81% | 7,91% | 37,21% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 48,81% | 35,96% | 9,62% | 28,95% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 48,42% | 29,90% | 15,64% | 38,87% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 54,07% | 28,88% | 20,15% | 46,01% |
| Artes e Humanidades I | 53,86% | 26,54% | 10,80% | 30,30% |
| Artes e Humanidades II | 47,43% | 37,19% | 4,52% | 39,30% |
| **SUG** | **46,63%** | **38,25%** | **11,66%** | **34,16%** |

Preguntados polas razóns que motivaban a prolongación da súa actividade académica, os titulados responderon segundo se amosa na Táboa 18 e a Figura 65. Excepto na rama de Ciencias da Saúde, a motivación maioritaria é *estar en mellores condicións para atopar emprego,* mentres que na rama citada a motivación máis frecuente é o *desenvolvemento e promoción laboral*.

No contexto de todo o anterior, xorde a cuestión de ata que punto a alta porcentaxe de titulados que seguen a estudar ou preparan oposicións pode deberse á pouca relación entre a súa titulación e o posto de traballo conseguido. Con todo, como pode verse na Figura 66 a porcentaxe de titulados que consideran que o seu posto de traballo non está relacionado coa súa titulación é relativamente baixa (un 3,81% no SUG), coas excepcións de Ciencias Sociais e Xurídicas II e Artes e Humanidades I, cuxas porcentaxes por este concepto son do 8,78% e do 6,41% respectivamente.

O 58,12% dos titulados no SUG traballan nun emprego relacionado coa súa titulación. Esta porcentaxe varía por rama de coñecemento desde o 80,30% de Ciencias da Saúde ao 32,03% de Artes e Humanidades I (véxase a Táboa 19), rama esta última en que hai unha porcentaxe máis alta de titulados que traballan nun posto non relacionado coa titulación (6,41%).

Táboa 19. Titulados que están a traballar.
Porcentaxes por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Si | Si, pero non relacionado | Non |
|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 80,30% | 1,08% | 18,62% |
| Ciencias | 56,74% | 3,43% | 39,83% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 65,46% | 2,15% | 32,39% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 56,61% | 2,26% | 41,12% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 48,76% | 8,78% | 42,46% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 51,30% | 5,61% | 43,09% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 51,78% | 3,74% | 44,48% |
| Artes e Humanidades I | 32,03% | 6,41% | 61,56% |
| Artes e Humanidades II | 45,40% | 3,93% | 50,67% |
| **SUG** | **58,12%** | **3,81%** | **38,07%** |

Figura 66. Titulados que están a traballar.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




### 4.6.2. Lugar de traballo

Un 85,87% dos titulados traballa en Galicia e un 13,66% faino no resto de España. A presenza de titulados que traballan no estranxeiro é practicamente testemuñal (0,47%). Estas proporcións son moi semellantes ás obtidas nos estudos anteriores.

As porcentaxes anteriores son tamén bastante semellantes entre ramas de coñecemento (Figura 67 e a Táboa 20), aínda que en relación cos titulados que traballan en Galicia destaca Ciencias Sociais e Xurídicas III, cun 91,43%, fronte a Artes e Humanidades II, que presenta un 82,01%.

Canto ás provincias galegas, o maior peso específico teno A Coruña, cun 43,65% dos titulados en 2007-2008 que atoparon traballo, seguida a certa distancia por Pontevedra, cun 24,40%. Este maior peso da Coruña increméntase nas ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas II (52,38%) e IV (52,16%), e diminúe nas de Ciencias da Saúde (39,41%) e Ciencias Sociais e Xurídicas III (37,84%). En termos relativos, as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas I e III, cun 14,32% e un 12,59% respectivamente, son as mellor representadas na provincia de Ourense, mentres que en Lugo este papel desempéñano as ramas de Ciencias da Saúde (11,02%) e Artes e Humanidades I (10,89%).

No resto de España as ramas mellor representadas son Ciencias Sociais e Xurídicas IV (19,50%), Enxeñaría e Arquitectura (16,98%), Artes e Humanidades I (16,28%) e Ciencias da Saúde (16,11%).

Figura 67. Lugar de traballo.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 20. Porcentaxes dos diferentes lugares de traballo.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Resto de España | Resto de Europa | Resto do Mundo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 39,41% | 11,02% | 9,01% | 24,37% | 16,11% | 0,08% | 0,00% |
| Ciencias | 47,82% | 4,94% | 7,78% | 23,36% | 16,10% | 0,00% | 0,00% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 40,55% | 5,95% | 9,48% | 25,94% | 16,98% | 0,87% | 0,22% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 39,17% | 9,27% | 14,32% | 24,94% | 12,31% | 0,00% | 0,00% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 52,38% | 9,88% | 5,31% | 21,52% | 10,67% | 0,23% | 0,00% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 37,84% | 9,35% | 12,59% | 31,65% | 8,25% | 0,32% | 0,00% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 52,16% | 4,82% | 4,41% | 19,12% | 19,50% | 0,00% | 0,00% |
| Artes e Humanidades I | 42,66% | 10,89% | 5,76% | 24,41% | 16,28% | 0,00% | 0,00% |
| Artes e Humanidades II | 39,62% | 7,74% | 5,50% | 29,15% | 14,95% | 3,04% | 0,00% |
| **SUG** | **43,65%** | **8,70%** | **9,11%** | **24,40%** | **13,66%** | **0,41%** | **0,06%** |

Os motivos aducidos polos titulados para traballaren fóra de Galicia preséntanse na Táboa 21 e na Figura 68. No ámbito do SUG existe bastante equilibrio entre as principais razóns alegadas (cada unha é citada por ao redor do 30% dos titulados). Os datos obtidos no último estudo (titulados en 2006-2007) amosan resultados similares para os ítems de *mellor oferta no exterior* e *razóns persoais*. Con todo, salienta a diminución do número de titulados que aducen *non atopar traballo en Galicia* como razón (o 36,48% no último estudo fronte ao 29,48% no actual), diminución que vai á opción *outras razóns*.

As titulacións amosan perfís heteroxéneos en relación con esta pregunta. Neste sentido, os titulados de Artes e Humanidades I e II salientan por indicar que foron traballar fóra de Galicia debido a *non atopar traballo en Galicia* (47,73% e 54,46% dos titulados destas ramas respectivamente). En sentido contrario, os da rama de Ciencias da Saúde son os que menos mencionan esta razón (11%). Nun grupo intermedio atópase o resto das ramas.

Cando se menciona como razón o atopar unha *mellor oferta no exterior*, só un 18,18% dos titulados da rama de Artes e Humanidades I alude a esta razón, mentres que isto é maioritario en Ciencias Sociais e Xurídicas IV (49,04%), Ciencias da Saúde (42,37%) e Ciencias Sociais e Xurídicas II (34,42%).

Táboa 21. Motivos para traballar fóra de Galicia.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Non atopar traballo en Galicia | Mellor oferta no exterior | Razóns persoais | Outros |
|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 11,00% | 42,37% | 39,77% | 16,43% |
| Ciencias | 30,19% | 39,64% | 18,29% | 15,88% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 33,61% | 26,14% | 35,17% | 14,44% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 24,10% | 31,00% | 16,19% | 36,85% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 32,73% | 34,42% | 6,45% | 26,40% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 31,60% | 21,41% | 32,59% | 28,40% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 32,03% | 49,04% | 23,52% | 27,38% |
| Artes e Humanidades I | 47,73% | 18,18% | 34,09% | 4,92% |
| Artes e Humanidades II | 54,46% | 45,21% | 4,59% | 11,48% |
| **SUG** | **29,48%** | **30,27%** | **27,26%** | **22,78%** |

Figura 68. Motivos para traballar fóra de Galicia.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




## 4.6.3. Contratos e empresas

### 4.6.3.1. *Número de contratos e de empresas*

A Táboa 22 e a Figura 69 presentan o número medio de contratos de traballo dos titulados en 2007-2008, así como o número medio de empresas para as que traballaron desde que obtiveron a titulación. Tendo en conta que o traballo de campo se levou a cabo de maio a novembro de 2010, estes resultados describen os seus dous primeiros anos no mercado laboral.

Neste período, no conxunto do SUG, os titulados tiveron aproximadamente 4,08 contratos con 2,11 empresas. En relación cos estudos anteriores, o número de empresas é semellante, mais o número de contratos increméntase sensiblemente: nos dous últimos estudos (titulados en 2005-2006 e 2006-2007) o número medio de contratos foi de 3,28 e 3,33 respectivamente, mentres que o número de empresas foi de 2,02 e 2,03 respectivamente.

A razón fundamental deste incremento no número medio de contratos no SUG é a rama de coñecemento de Ciencias da Saúde, que a respecto do último estudo pasa dos 8,19 aos 11,12 contratos por termo medio deste estudo. O resto das ramas compórtase de xeito heteroxéneo, ao aumentar

nalgunhas este número medio de contratos e diminuír noutras, mais estas variacións son sempre moito menores que a experimentada por Ciencias da Saúde. A pesar diso, destaca tamén Ciencias Sociais e Xurídicas III, que pasa de 2,88 a 4,28 contratos.

Táboa 22. Número de contratos e de empresas dos titulados no SUG desde a obtención do título. Media por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Número de empresas | Número de contratos |
|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 2,05 | 11,12 |
| Ciencias | 1,85 | 2,39 |
| Enxeñaría e Arquitectura | 1,86 | 2,53 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 2,29 | 2,56 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 2,08 | 1,92 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 2,31 | 4,28 |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 2,39 | 3,64 |
| Artes e Humanidades I | 2,00 | 2,12 |
| Artes e Humanidades II | 2,43 | 2,90 |
| **SUG** | **2,11** | **4,08** |

Figura 69. Número de empresas e contratos dos titulados no SUG desde a obtención do título. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



### 4.6.3.2. *Tamaño da empresa*

A Táboa 23 e a Figura 70 reflicten o tamaño das empresas en que traballan en termos do número de empregados. A distribución de tamaños no ámbito do SUG e en cada unha das ramas de coñecemento é similar á obtida no estudo anterior (titulados en 2006-2007). No SUG a maior porcentaxe de empresas en que conseguiron traballo os titulados corresponde ás que posúen máis de 250 traballadores (37,05% fronte a un 29,19% no estudo anterior), seguidas polas pequenas empresas de entre 10 e 49 persoas (21,37% fronte a un 24,72% do estudo anterior) e de entre 2 e 9 persoas (17,92% fronte ao 21,13% do estudo anterior).

As ramas de coñecemento que máis se afastan desta distribución media do SUG son Ciencias da Saúde, que salienta pola súa alta porcentaxe de empresas con máis de 250 traballadores (53,86%) e, ao contrario, Artes e Humanidades I (21,98%) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV (22,91%).

Figura 70. Número de empregados da empresa en que traballa. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Táboa 23. Número de empregados da empresa en que traballa. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | 1 persoa | Entre 2 e 9 persoas | Entre 10 e 49 persoas | Entre 50 e 99 persoas | Entre 100 e 149 persoas | Entre 150 e 199 persoas | Entre 200 e 249 persoas | 250 ou máis persoas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 3,42% | 17,18% | 11,18% | 2,08% | 3,97% | 5,13% | 3,18% | 53,86% |
| Ciencias | 2,75% | 19,76% | 13,21% | 7,78% | 2,21% | 1,40% | 2,81% | 50,08% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 7,40% | 11,91% | 19,36% | 8,10% | 4,84% | 2,49% | 2,16% | 43,75% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 2,10% | 22,84% | 26,12% | 5,86% | 3,33% | 2,55% | 2,35% | 34,86% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 17,51% | 22,04% | 15,01% | 4,22% | 2,86% | 2,07% | 3,59% | 32,70% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 4,82% | 15,12% | 33,03% | 11,16% | 4,76% | 1,36% | 2,34% | 27,40% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 1,34% | 23,39% | 22,97% | 12,92% | 10,87% | 2,72% | 2,87% | 22,91% |
| Artes e Humanidades I | 9,49% | 27,17% | 15,35% | 16,49% | 7,83% | 0,00% | 1,69% | 21,98% |
| Artes e Humanidades II | 18,15% | 15,07% | 24,92% | 7,15% | 2,97% | 4,81% | 0,78% | 26,15% |
| **SUG** | **6,63%** | **17,92%** | **21,37%** | **7,72%** | **4,30%** | **2,50%** | **2,51%** | **37,05%** |

### 4.6.4. Antigüidade no posto de traballo

A Táboa 24 e a Figura 71 amosan a antigüidade dos titulados no posto de traballo. Pode observarse como as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas III e IV, e Artes e Humanidades I, presentan as maiores porcentaxes de titulados cunha antigüidade no traballo menor ou igual aos 6 meses. En contrapartida, as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas II e I, e Enxeñaría e Arquitectura, son as que presentan maiores porcentaxes cunha antigüidade maior de 24 meses.

No conxunto do SUG case a metade (47,04%) dos titulados leva como moito 12 meses traballando, cun 27,69% con 6 meses ou menos. Da outra metade, un 19,84% leva máis de dous anos traballando, un 19,73% leva entre ano e medio e dous anos, e un 12,38% leva entre un ano e ano e medio. Por ramas de coñecemento, en Ciencias da Saúde atópase a menor porcentaxe de titulados con máis de dous anos no posto de traballo (6,04%).

Figura 71. Tempo que leva no posto de traballo.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 24. Tempo que leva no posto de traballo.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | 6 meses ou menos | Entre 6 e 12 meses | Entre 12 e 18 meses | Entre 18 e 24 meses | Máis de 24 meses |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 28,39% | 21,11% | 23,74% | 20,72% | 6,04% |
| Ciencias | 28,07% | 24,12% | 9,93% | 24,59% | 13,29% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 23,56% | 15,75% | 11,62% | 24,08% | 24,99% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 23,28% | 17,04% | 12,62% | 19,48% | 27,58% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 24,69% | 22,25% | 6,62% | 17,65% | 28,79% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 31,25% | 24,25% | 8,20% | 17,09% | 19,21% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 40,89% | 13,19% | 13,29% | 14,49% | 18,14% |
| Artes e Humanidades I | 35,68% | 25,69% | 9,05% | 10,11% | 19,47% |
| Artes e Humanidades II | 27,02% | 23,04% | 16,04% | 13,17% | 20,73% |
| **SUG** | **27,69%** | **20,35%** | **12,38%** | **19,73%** | **19,84%** |

### 4.6.5. Tipo de xornada

No tocante ao tipo de xornada de traballo (Táboa 25 e Figura 72), a maioría dos titulados do SUG (78,36%) traballa a tempo completo para a súa empresa. Este dato é semellante ao obtido no estudo anterior sobre os titulados en 2006-2007 (79,36%). As ramas de coñecemento obteñen tamén porcentaxes similares ao estudo anterior, excepto en Ciencias, en que se reduce ao 75,55% (83,04% no estudo anterior), e en Artes e Humanidades II, en que aumenta ao 56,59% (48,61% no estudo anterior).

Entre as ramas de coñecemento destaca Enxeñaría e Arquitectura cun 91,21% de titulados que traballan a tempo completo, seguida de Ciencias da Saúde. En sentido contrario, Artes e Humanidades II e I son as que presentan menores porcentaxes de tempos completos (56,59% e 62,50% respectivamente), seguida de Ciencias Sociais e Xurídicas III (62,61%).

Táboa 25. Porcentaxe de titulados no SUG en cada tipo de xornada (tempo parcial e tempo completo) dos que traballan por conta allea. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Tempo parcial | Tempo completo |
|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 12,72% | 87,28% |
| Ciencias | 24,45% | 75,55% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 8,79% | 91,21% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 16,34% | 83,66% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 17,97% | 82,03% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 37,39% | 62,61% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 21,70% | 78,30% |
| Artes e Humanidades I | 37,50% | 62,50% |
| Artes e Humanidades II | 43,41% | 56,59% |
| **SUG** | **21,64%** | **78,36%** |

Figura 72. Tipo de xornada laboral.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




### 4.6.6. Modalidade de contratación

O tipo de contrato foi clasificado, en primeiro termo, por conta propia (dado ou sen dar de alta na Seguridade Social) e por conta allea. Aos que traballaban por conta allea pedíuselles ademais que indicasen se tiñan contrato ou non, e en caso afirmativo requiriuse o tipo de contrato.

Os resultados agregados no total do SUG preséntanse na Táboa 26 e na Figura 73. Pode observarse que o 91,51% dos titulados no SUG que traballan faino por conta allea, cifra análoga á obtida no estudo anterior (91,25%). Dentro deste grupo, o 97,50% traballa con contrato, fronte ao 96,24% do estudo anterior. Destes contratos, un 36,57% posúe carácter indefinido (38,62% no estudo anterior), mentres que un 43,10% (34,98% no estudo anterior) ten carácter eventual.

Tan só o 8,49% traballa por conta propia (8,75% no estudo anterior), e deles un 78,88% está dado de alta (no estudo anterior esta porcentaxe foi do 82,93%).

Xa que logo, a respecto do estudo anterior mantense a mesma proporción de titulados que traballan por conta propia ou conta allea, mais dentro de ambos os grupos obsérvase un incremento da precariedade da relación laboral.

Táboa 26. Modalidades de contratación para os titulados do SUG.

| Tipo de contrato | % de titulados | | |
|---|---|---|---|
| Por conta propia | 8,49% | % de titulados | |
| | Dado de alta | 78,88% | |
| | Non dado de alta | 21,12% | |
| Por conta allea | 91,51% | % de titulados | |
| | Sen contrato | 2,50% | |
| | Con contrato | 97,50% | % de titulados |
| | | Indefinido | 36,57% |
| | | Eventual | 43,10% |
| | | Prácticas | 6,48% |
| | | Bolsa | 5,37% |
| | | Outro | 8,49% |

Figura 73. Modalidades de contratación para os titulados do SUG.



Por ramas de coñecemento (véxase a Táboa 27) basicamente repítese a situación do estudo anterior: son os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II (21,94%) e os de Artes e Humanidades II e I (14,67% e 13,30% respectivamente) os que nunha maior porcentaxe traballan por conta propia, mentres que a porcentaxe máis baixa corresponde aos titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas IV, onde tan só un 1,97% traballa por conta propia.

Táboa 27. Porcentaxe de titulados no SUG que traballan por conta propia e por conta allea. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Conta propia | Conta allea |
|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 5,29% | 94,71% |
| Ciencias | 4,14% | 95,86% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 9,52% | 90,48% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 6,77% | 93,23% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 21,94% | 78,06% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 4,17% | 95,83% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 1,97% | 98,03% |
| Artes e Humanidades I | 13,30% | 86,70% |
| Artes e Humanidades II | 14,67% | 85,33% |
| **SUG** | **8,49%** | **91,51%** |

A Táboa 28 recolle as porcentaxes de titulados no SUG dados de alta e sen dar de alta na Seguridade Social dos que traballan por conta propia en cada unha das ramas de coñecemento. Ciencias Sociais e Xurídicas III e Artes e Humanidades II presentan porcentaxes de titulados non dados de alta moito maiores que no resto das ramas (49,87% e 43,90% respectivamente) mentres que no lado oposto salientan Ciencias Sociais e Xurídicas II (0,00%) e Enxeñaría e Arquitectura (5,32%).

Entre os que traballan por conta allea sen contrato (Táboa 29) este concepto presenta porcentaxes moito menores. Destacan Ciencias Sociais e Xurídicas II (7,95%), Artes e Humanidades II (6,21%) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV (3,54%).

Táboa 28. Porcentaxe de titulados no SUG dados de alta e sen dar de alta dos que traballan por conta propia. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Conta propia | |
|---|---|---|
| | Non dado de alta | Dado de alta |
| Ciencias da Saúde | 16,15% | 83,75% |
| Ciencias | 14,20% | 85,80% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 5,32% | 94,68% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 17,29% | 82,71% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 0,00% | 100,00% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 49,87% | 50,13% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 14,18% | 85,82% |
| Artes e Humanidades I | 15,33% | 84,67% |
| Artes e Humanidades II | 43,90% | 56,10% |
| **SUG** | **21,12%** | **78,88%** |

Canto ao tipo de contrato, a figura maioritaria é o contrato eventual, cun 43,10% de titulados, seguida pola contratación indefinida (36,57%). Este perfil cambiou en relación co estudo anterior, en que a figura maioritaria era o contrato indefinido (38,62%), seguido do eventual (34,98%). O contrato en prácticas mantense como terceira modalidade en ambos os estudos, mais redúcese do 10,15% obtido no estudo anterior ao 6,48% deste estudo. Pola contra, as bolsas increméntanse do 2,66% do estudo anterior ao 5,37% actual.

Por ramas de coñecemento, as maiores porcentaxes de contratos indefinidos preséntanse en Ciencias Sociais e Xurídicas II e I (53,00% e 52,45% respectivamente), mentres que as ramas máis precarias neste sentido son Ciencias (22,21%), Artes e Humanidades I (24,02%), Ciencias da Saúde (26,80%) e Artes e Humanidades II (29,50%).

Táboa 29. Porcentaxe de titulados no SUG con contrato e sen contrato dos que traballan por conta allea. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Conta allea | |
|---|---|---|
| | Sen contrato | Con contrato |
| Ciencias da Saúde | 0,54% | 99,46% |
| Ciencias | 1,17% | 98,83% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 0,94% | 99,06% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 2,98% | 97,02% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 7,95% | 92,05% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 2,29% | 97,71% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 3,54% | 96,46% |
| Artes e Humanidades I | 1,61% | 98,39% |
| Artes e Humanidades II | 6,21% | 93,79% |
| **SUG** | **2,50%** | **97,50%** |

En comparación co estudo anterior (titulados en 2006-2007) as maiores reducións de contratos indefinidos preséntanse en Artes e Humanidades II (do 46,55% de indefinidos no estudo anterior ao 29,50% neste), Ciencias (do 38,68% ao 22,21%), Artes e Humanidades I (do 34,41% ao 24,02%) e Ciencias da Saúde (do 33,82% ao 26,80%). En contrapartida, destaca Ciencias Sociais e Xurídicas IV por ser a única rama cun incremento sensible na porcentaxe de contratos indefinidos (do 19,21% ao 32,99%).

Os contratos en prácticas teñen máis relevancia nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (12,63%), en Ciencias Sociais e Xurídicas II (8,64%) e Ciencias (8,45%), mentres que as bolsas son máis frecuentes en Ciencias (19,18%) e Artes e Humanidades I (12,53%).

Táboa 30. Porcentaxe de titulados no SUG en cada tipo de contrato (indefinido, eventual, prácticas, bolsa, outros) dos que traballan por conta allea. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Tipo de contrato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Indefinido | Eventual | Prácticas | Bolsa | Outros |
| Ciencias da Saúde | 26,80% | 59,79% | 3,72% | 0,89% | 8,80% |
| Ciencias | 22,21% | 37,22% | 8,45% | 19,18% | 12,95% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 37,22% | 36,51% | 12,63% | 5,12% | 8,52% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 52,45% | 30,38% | 6,41% | 4,92% | 5,84% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 53,00% | 30,46% | 8,64% | 4,15% | 3,75% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 34,62% | 51,10% | 1,99% | 2,55% | 9,75% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 32,99% | 52,34% | 5,16% | 7,36% | 2,16% |
| Artes e Humanidades I | 24,02% | 42,06% | 2,90% | 12,53% | 18,49% |
| Artes e Humanidades II | 29,50% | 51,71% | 5,84% | 7,33% | 5,61% |
| **SUG** | **36,57%** | **43,10%** | **6,48%** | **5,37%** | **8,49%** |

### 4.6.7. Salario

Á hora de analizarmos o nivel retributivo dos titulados en 2007-2008 debe terse en conta o tempo que levan traballando: o 48,04% traballa desde hai un ano ou menos e o 19,84% faino desde hai máis de dous anos (véxanse a Táboa 24 e a Figura 71). Cómpre así mesmo considerarmos o tipo de xornada: o 21,64% traballa a tempo parcial (Táboa 25 e Figura 72).

Como pode observarse na Táboa 31, no ámbito do SUG o 37,38% (37,49% no estudo anterior) dos titulados posúe un salario mensual menor de 1000 euros; un 58,50% (58,36%) gaña ao mes entre 1000 e 2000 euros e só un 4,12% (4,14%) gaña máis de 2000 euros mensuais. Xa que logo, pode dicirse que a distribución de salarios mensuais mantense moi estable en relación co estudo anterior.

Táboa 31. Distribución dos titulados no SUG segundo o salario mensual.

| Salario mensual | % titulados |
|---|---|
| Menos de 500 € | 5,19% |
| De 500 € a 1000 € | 32,19% |
| De 1000 € a 1500 € | 40,25% |
| De 1500 € a 2000 € | 18,25% |
| Máis de 2000 € | 4,12% |

Na Figura 74 amósase a distribución de salarios mensuais por rama de coñecemento de xeito acumulado, é dicir, reflectindo as porcentaxes de titulados cuxo salario non supera os 500, 1000, 1500 e 2000 euros respectivamente. A Táboa 31 reflicte a distribución sen acumular correspondente. Nótese que canto máis alta é unha liña na Figura 74 menor salario teñen os titulados correspondentes. Así, por exemplo, a liña dos 500 euros é moi baixa nas ramas de Ciencias da Saúde (1,71%), Ciencias (1,77%), Enxeñaría e Arquitectura (1,23%), Ciencias Sociais e Xurídicas I (2,30%) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV (3,92%), o que indica que moi poucos titulados destas ramas posúen un salario menor que 500 euros.

Figura 74. Distribución dos titulados segundo o salario mensual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




O devandito gráfico salienta a maior porcentaxe de titulados por baixo dos 1000 euros nas ramas de Artes e Humanidades I e II (67,22% e 58,33%), seguidas das catro ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas (38,67%, 46,77%, 46,32% e 50,69%), e Ciencias (38,61%). Neste tramo, Ciencias da Saúde (15,53%) e Enxeñaría e Arquitectura (22,99%) son as ramas con menos porcentaxe de titulados, o que indica que nelas os salarios son superiores por termo medio. Neste sentido destaca especialmente a rama de Ciencias da Saúde, en que case o 50% dos titulados posúe salarios por enriba dos 1500 euros e máis do 10% supera os 2000 euros, seguida a certa distancia por Enxeñaría e Arquitectura con case o 28% e o 6% polos mesmos conceptos.

Táboa 32. Distribución dos titulados no SUG segundo o salario mensual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Menos de 500 € | 500-1.000 € | 1.000-1.500 € | 1.500-2.000 € | Máis de 2.000 € |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 1,71% | 13,83% | 37,57% | 34,75% | 12,14% |
| Ciencias | 1,77% | 36,84% | 50,05% | 10,81% | 0,53% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 1,23% | 21,76% | 49,22% | 22,19% | 5,60% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 2,30% | 36,37% | 48,41% | 10,95% | 1,97% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 7,28% | 39,49% | 33,85% | 16,28% | 3,10% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 9,85% | 36,47% | 33,51% | 19,33% | 0,84% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 3,92% | 46,76% | 41,20% | 7,47% | 0,64% |
| Artes e Humanidades I | 18,45% | 48,77% | 19,81% | 12,97% | 0,00% |
| Artes e Humanidades II | 15,52% | 42,81% | 31,26% | 6,57% | 3,83% |
| **SUG** | **5,19%** | **32,19%** | **40,25%** | **18,25%** | **4,12%** |

Figura 75. Salario medio dos titulados do SUG en 2007-2008 por rama de coñecemento comparado co dos titulados en 2006-2007 (estudo anterior).



En termos de salarios medios mensuais, a Figura 75 (valores na Táboa 32) mostra os resultados obtidos por rama de coñecemento e no conxunto do SUG, comparados cos obtidos no estudo anterior (titulados en 2006-2007). Pode observarse que os salarios medios son moi similares en todas as ramas de coñecemento excepto en Artes e Humanidades I, en que o salario medio se reduce considerablemente. Ao respecto, é preciso ter en conta que as medias anteriores se calculan con independencia da modalidade contractual do titulado e, en concreto, esta rama de coñecemento experimentou un incremento dos contratos a tempo parcial con respecto ao estudo anterior (do 33,42% ao 37,50%). En Ciencias da Saúde experiméntase un incremento do salario medio a respecto do estudo anterior e produciuse unha redución na porcentaxe de parcialidade dos contratos (do 18,11% no estudo anterior ao 11,72% neste estudo).

### 4.6.7.1.Salario *por sexos*

A Figura 76 amosa os salarios medios mensuais por sexo e rama de coñecemento (Táboa 33) dos titulados en 2007-2008 obxecto deste estudo, comparados cos obtidos no estudo anterior para os titulados en 2006-2007.

Figura 76. Salario medio do SUG para cada sexo e rama de coñecemento para os titulados en 2007-2008 e os titulados en 2006-2007 (estudo anterior). Os valores que faltan para os homes titulados en Artes e Humanidades I e II en 2006-2007 débense a que os obtidos non eran representativos.



A devandita figura mostra que no que se refire ás ramas de Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura e Ciencias Xurídicas I, II e III, as diferenzas entre os salarios medios de mulleres e homes reducíronse sensiblemente para os titulados de 2007-2008 en comparación cos titulados de 2006-2007. Pola contra, as diferenzas entre sexos son grandes nas titulacións que, poderiamos dicir, posúen unha maior compoñente de humanidades. Salientan neste sentido Artes e Humanidades I, cunha diferenza media entre homes e mulleres de 285,25 € no salario mensual dos titulados en 2007-2008; e Artes e Humanidades II, cunha diferenza de 232,42 € (non temos datos fiables destas diferenzas no estudo anterior debido á pouca representatividade dos salarios medios por sexo nesas ramas).

En todo caso, no SUG as diferenzas salariais entre mulleres e homes titulados reducíronse con respecto ao estudo anterior; dunha diferenza media de 188,89 € ao mes para os titulados en 2006-2007 pasaron a unha diferenza media neste estudo de 101,58 €.

As maiores reducións nestas diferenzas corresponderon ás ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas II (de 255,59 € mensuais no estudo anterior a -95,71 €, invértese o signo da diferenza), Ciencias Sociais e Xurídicas III (de 228,52 € a 57,06 €), Ciencias (de 224,54 € a -1,95 €), Ciencias da Saúde (de 200,69 € a 76,08 €) e Ciencias Sociais e Xurídicas I (de 165,16 € a 109,75 €).

Táboa 33. Salario medio mensual. Entre parénteses figuran os datos do estudo anterior (titulados en 2006-2007). Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG por sexo. (1): dato non significativo para este grupo.

| Ramas | Salario medio mulleres | Salario medio homes | Salario medio |
|---|---|---|---|
| | 07-08 (06-07) | 07-08 (06-07) | 07-08 (06-07) |
| Ciencias da Saúde | 1453,09 (1315,88) | 1529,17 (1516,57) | 1462,40 (1342,66) |
| Ciencias | 1105,23 (1065,33) | 1103,28 (1289,87) | 1111,05 (1096,04) |
| Enxeñaría e Arquitectura | 1207,92 (1265,28) | 1344,71 (1340,80) | 1298,31 (1311,57) |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 1069,00 (1100,18) | 1178,75 (1265,34) | 1124,22 (1153,48) |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 1166,45 (1000,74) | 1070,74 (1256,33) | 1106,67 (1053,59) |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 1060,69 (1083,37) | 1117,75 (1311,89) | 1093,92 (1128,04) |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 999,26 (1019,55) | 1113,09 (1000,35) | 1028,58 (1011,56) |
| Artes e Humanidades I | 873,61 (951,67) | 1158,86 (1) | 923,37 (1120,39) |
| Artes e Humanidades II | 934,32 (887,57) | 1166,74 (1) | 982,93 (903,92) |
| **SUG** | **1138,90 (1130,55)** | **1240,48 (1319,44)** | **1179,94 (1175,74)** |

### 4.6.8. O posto de traballo en relación coa titulación acadada

Nesta epígrafe analízase a percepción dos titulados sobre o grao de adecuación entre o posto de traballo que desempeñan e a titulación que posúen. A Figura 77 e a Táboa 34 amosan esta valoración segundo cada unha das ramas de coñecemento.

A porcentaxe de titulados que consideran que o seu posto de traballo se adecúa moito ou bastante á titulación obtida é do 79,86%, e resulta moi semellante á obtida no estudo anterior (80,03%). Con todo, o 64,50% considera moi alta esta adecuación, o que supón un incremento sensible a respecto do estudo anterior, en que esta porcentaxe foi do 51,25%. Xa que logo, neste estudo prodúcese unha mellora neste concepto, cun desprazamento de titulados que pasan de considerar o seu posto de traballo bastante acorde coa titulación a consideralo moi acorde.

As demais porcentaxes (titulados que consideran algo, pouco ou nada acorde o posto de traballo coa titulación) son menos relevantes e moi similares ás obtidas no estudo anterior, aínda que o 8,93% dos titulados considera o seu posto de traballo pouco ou nada acorde coa súa titulación e un 11,22% considérao soamente algo acorde.

Por rama de coñecemento, os titulados de Ciencias da Saúde son os que máis valoran a relación entre o posto de traballo e a titulación (94,62% moito ou bastante), seguidos polos de Ciencias (86,50%) e os de Ciencias Sociais e Xurídicas II (82,35%) e III (78,87%). En contrapartida, son os titulados de Artes e Humanidades I (69,91%) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV (70,53%) os que peor valoran a relación entre o posto de traballo e a titulación.

Figura 77. Posto de traballo acorde coa titulación.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 34. Grao de adecuación entre o posto de traballo e a titulación.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 1,65% | 1,69% | 2,04% | 5,78% | 89,84% |
| Ciencias | 2,07% | 2,07% | 9,36% | 11,80% | 74,70% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 4,07% | 5,61% | 15,44% | 23,49% | 51,38% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 4,32% | 2,69% | 16,79% | 21,10% | 55,11% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 6,81% | 2,23% | 8,60% | 12,38% | 69,97% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 7,75% | 4,07% | 9,31% | 12,41% | 66,46% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 7,45% | 6,74% | 15,28% | 16,99% | 53,54% |
| Artes e Humanidades I | 6,71% | 9,67% | 13,71% | 20,08% | 49,83% |
| Artes e Humanidades II | 7,75% | 4,03% | 14,48% | 12,37% | 61,37% |
| **SUG** | **5,19%** | **3,74%** | **11,22%** | **15,35%** | **64,50%** |

### 4.6.9. Formación específica adicional

A Figura 78 e a Táboa 35 amosan o grao en que os titulados consideran necesaria formación específica adicional para o desempeño do posto de traballo. No conxunto do SUG, un 38,30% (27,73% no estudo anterior) considera que a dita formación é moi necesaria ou bastante. Este incremento

na porcentaxe de titulados que consideran bastante ou moi necesaria formación adicional maniféstase practicamente en todas as ramas de coñecemento. O aumento desta porcentaxe en relación co estudo anterior podería parecer contraditorio co aumento da adecuación entre o posto de traballo e a titulación visto anteriormente, mais esta adecuación indicaría que os titulados están a ocupar postos de traballo relacionados coa súa profesión aínda que o seu desempeño requira, segundo súa percepción, formación adicional á recibida durante os estudos.

Na Figura 78 pode observarse como as ramas de coñecemento da esquerda do gráfico (Ciencias da Saúde cun 35,81%, Ciencias cun 36,49% e Enxeñaría e Arquitectura cun 43,76%) presentan menores porcentaxes de titulados que consideran nada ou pouco necesaria a formación adicional, e como estas porcentaxes van crecendo cara á dereita ata chegar aos máximos en Artes e Humanidades II (63,29%), e Ciencias Sociais e Xurídicas III (54,41%) e IV (56,30%). Este patrón obsérvase tamén no estudo do estudo anterior (titulados en 2006-2007) agás no caso de Ciencias da Saúde, que presentaba porcentaxes similares ás das ramas de Artes e Humanidades (ao redor do 70%).

Figura 78. Necesidade de formación específica.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Táboa 35. Necesidade de formación específica.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 30,75% | 5,06% | 16,27% | 16,59% | 31,34% |
| Ciencias | 21,45% | 15,04% | 21,83% | 16,98% | 24,70% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 27,40% | 16,36% | 20,35% | 20,03% | 15,86% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 35,53% | 11,31% | 17,35% | 20,00% | 15,82% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 37,54% | 5,15% | 7,39% | 20,92% | 29,01% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 43,89% | 10,52% | 10,13% | 13,29% | 22,16% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 46,27% | 10,03% | 16,14% | 13,10% | 14,45% |
| Artes e Humanidades I | 43,57% | 5,23% | 19,51% | 21,16% | 10,52% |
| Artes e Humanidades II | 57,66% | 5,63% | 9,17% | 7,40% | 20,14% |
| **SUG** | **36,02%** | **10,47%** | **15,22%** | **17,02%** | **21,28%** |

### 4.6.10. Dificultade da titulación vs. situación laboral

A Figura 79 e a Táboa 36 mostran a opinión dos titulados sobre o grao de consonancia entre a situación laboral acadada e o esforzo realizado ao cursaren a titulación. No ámbito do SUG, o 52,97% (56,17% no estudo anterior) considera que esta correlación é bastante ou moi alta, mentres que un 24,78% considera que é baixa ou nula. As ramas de coñecemento en que máis se considera que hai bastante ou moita relación entre o esforzo realizado na titulación e a situación laboral conseguida son Ciencias da Saúde (62,57%), Ciencias (57,54%) e Ciencias Sociais e Xurídicas I, II e III (as tres ao redor do 55%). As ramas en que os titulados manifestan en maior medida que non existe tal relación, ou esta é baixa, son Artes e Humanidades I (35,21%) e II (34,17%), e Enxeñaría e Arquitectura (31,44%).

Figura 79. Situación acorde co esforzo realizado.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 36. Situación acorde co esforzo realizado.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 6,16% | 8,26% | 23,01% | 25,39% | 37,19% |
| Ciencias | 11,80% | 13,55% | 17,12% | 32,36% | 25,18% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 14,39% | 17,05% | 27,27% | 23,62% | 17,66% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 9,71% | 11,99% | 23,12% | 29,19% | 26,00% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 17,60% | 6,56% | 20,18% | 16,55% | 39,11% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 10,76% | 11,31% | 20,94% | 17,21% | 39,79% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 14,04% | 13,07% | 30,53% | 18,96% | 23,41% |
| Artes e Humanidades I | 25,37% | 9,84% | 14,28% | 25,71% | 24,80% |
| Artes e Humanidades II | 24,45% | 9,72% | 20,24% | 9,66% | 35,93% |
| **SUG** | **12,92%** | **11,86%** | **22,26%** | **22,53%** | **30,40%** |

### 4.6.11. Imaxe da titulación na empresa

A Figura 80 e a Táboa 37 presentan a opinión dos titulados sobre o grao de consideración da titulación na empresa en que traballan. No SUG, un 76,60% (77,92% no estudo anterior) cre que a titulación cursada está moi ben ou bastante ben considerada na empresa. Pola contra, un 8,43% (7,70% no estudo anterior) cre que está nada ou pouco considerada na empresa.

Por rama de coñecemento, as titulacións mellor consideradas na empresa na opinión dos titulados son as das ramas de Artes e Humanidades II (81,75%), Ciencias Sociais e Xurídicas III (81,84%) e II (78,61%), e Ciencias da Saúde (78,91%). Pola contra, as titulacións que se perciben peor consideradas son as das ramas de Artes e Humanidades I cun 14,10% (20,28% no estudo anterior) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV cun 19,33% (10,35% no estudo anterior) de titulados que opinan que están nada ou pouco consideradas.

Figura 80. Titulación ben considerada na empresa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Táboa 37. Titulación ben considerada na empresa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 2,77% | 3,58% | 14,75% | 20,55% | 58,37% |
| Ciencias | 2,57% | 6,51% | 16,20% | 23,09% | 51,63% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 2,16% | 5,38% | 16,96% | 33,50% | 42,00% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 2,77% | 4,60% | 14,67% | 35,15% | 42,81% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 2,93% | 7,42% | 11,03% | 22,36% | 56,25% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 3,14% | 2,71% | 12,31% | 23,15% | 58,69% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 9,14% | 10,19% | 17,80% | 27,18% | 35,70% |
| Artes e Humanidades I | 6,85% | 7,25% | 25,71% | 24,34% | 35,86% |
| Artes e Humanidades II | 9,68% | 1,58% | 7,00% | 22,23% | 59,52% |
| **SUG** | **3,50%** | **4,92%** | **14,97%** | **26,22%** | **50,38%** |

### 4.6.12. Imaxe da escola ou facultade na empresa

A Figura 81 e a Táboa 38 mostran o nivel de satisfacción dos titulados co grao de consideración que a escola ou facultade en que estudaron merecen na empresa en que traballan. No ámbito do SUG, un 58,21% (62,20% no estudo anterior) está bastante ou moi satisfeito, mentres que un 12,99% (11,30% no estudo anterior) está nada ou pouco satisfeito con esa consideración.

Por rama de coñecemento, os máis satisfeitos son os titulados de Artes e Humanidades II, cun 66,77% que está bastante ou moi satisfeito; Ciencias Sociais e Xurídicas I (64,86%) e Ciencias (64,73%). Pola contra, Ciencias Sociais e Xurídicas IV (23,79%) e Artes e Humanidades I (21,59%) son as ramas con maior porcentaxe de titulados nada ou pouco satisfeitos co grao de consideración que a escola ou facultade posúen na empresa en que traballan.

Figura 81. Escola/facultade ben considerada na empresa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 38. Escola/facultade ben considerada na empresa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 3,38% | 7,86% | 29,83% | 31,53% | 27,42% |
| Ciencias | 2,74% | 6,08% | 26,45% | 28,62% | 36,11% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 3,62% | 7,89% | 29,85% | 30,44% | 28,19% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 2,71% | 6,41% | 26,02% | 38,30% | 26,56% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 10,39% | 7,53% | 21,31% | 26,21% | 34,56% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 4,84% | 7,80% | 30,41% | 23,37% | 33,58% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 11,29% | 12,50% | 33,58% | 17,91% | 24,73% |
| Artes e Humanidades I | 12,29% | 9,30% | 31,57% | 23,63% | 23,21% |
| Artes e Humanidades II | 10,22% | 2,20% | 20,80% | 17,66% | 49,11% |
| **SUG** | **5,21%** | **7,78%** | **28,80%** | **27,96%** | **30,25%** |

### 4.6.13. Valoración dos titulados na empresa

A Figura 82 e a Táboa 39 reflicten o nivel de satisfacción dos titulados coa valoración de que son obxecto na empresa. No conxunto do SUG, un 72,48% (73,29% no estudo anterior) dos titulados está bastante ou moi satisfeito con esta valoración. En contrapartida, un 9,56% (8,96% no estudo anterior) considérase nada ou pouco valorado na empresa.

Por rama de coñecemento, Artes e Humanidades I (83,63%) e Ciencias Sociais e Xurídicas III (81,31%) son as ramas con máis titulados moi ou bastante satisfeitos con esta valoración. No lado oposto atopamos Ciencias Sociais e Xurídicas IV (16,15%) e I (13,82%), e Enxeñaría e Arquitectura (12,29%), como as ramas coa maior porcentaxe de titulados nada ou pouco satisfeitos con como son valorados na empresa.

Figura 82. Valoración na empresa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Táboa 39. Valoración na empresa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 3,31% | 4,92% | 22,36% | 32,29% | 37,12% |
| Ciencias | 3,80% | 5,85% | 16,15% | 41,01% | 33,18% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 3,85% | 8,44% | 23,30% | 37,39% | 27,02% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 5,39% | 8,43% | 17,02% | 33,51% | 35,65% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 2,53% | 5,25% | 16,01% | 23,62% | 52,58% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 2,79% | 2,19% | 13,71% | 31,70% | 49,61% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 5,93% | 10,22% | 18,38% | 33,92% | 31,55% |
| Artes e Humanidades I | 3,43% | 4,82% | 8,12% | 48,22% | 35,41% |
| Artes e Humanidades II | 4,34% | 4,47% | 15,85% | 27,01% | 48,33% |
| **SUG** | **3,76%** | **5,80%** | **17,96%** | **33,65%** | **38,83%** |

### 4.6.14. Utilidade dos coñecementos adquiridos na titulación

A Figura 83 e a Táboa 40 recollen a opinión dos titulados sobre o grao de utilidade dos coñecementos adquiridos na carreira. No conxunto do SUG, un 59% dos titulados (59,42% no estudo do estudo anterior) considera que estes coñecementos foron de bastante ou moita utilidade. Pola contra, un 15,58% (16,39% no estudo anterior) considera que esta utilidade é nula ou baixa.

Por rama de coñecemento, Artes e Humanidades I (73,10%) e II (69,94%), e Ciencias da Saúde (72,68%), son as ramas cuxos titulados consideran máis útiles os coñecementos adquiridos ao realizaren os seus estudos. No lado contrario salientan as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas II (21,69%) e I (19,67%), e Enxeñaría e Arquitectura (18,71%), como as de maior porcentaxe de titulados que consideran que os coñecementos adquiridos resultaron nada ou pouco útiles.

Figura 83. Os coñecementos adquiridos foron de utilidade.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 40. Os coñecementos adquiridos foron de utilidade.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 2,06% | 5,27% | 19,99% | 37,33% | 35,35% |
| Ciencias | 2,30% | 7,33% | 28,23% | 34,67% | 27,47% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 6,17% | 12,54% | 30,46% | 31,80% | 19,03% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 6,60% | 13,07% | 28,22% | 29,43% | 22,68% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 7,45% | 14,24% | 19,01% | 21,06% | 38,24% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 4,90% | 10,28% | 27,49% | 28,63% | 28,69% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 6,02% | 6,06% | 26,63% | 33,96% | 27,33% |
| Artes e Humanidades I | 5,01% | 10,75% | 11,15% | 30,89% | 42,21% |
| Artes e Humanidades II | 3,88% | 5,07% | 21,12% | 26,56% | 43,38% |
| **SUG** | **5,21%** | **10,38%** | **25,41%** | **30,58%** | **28,42%** |

### 4.6.15. Posibilidades de promoción

A Figura 84 e a Táboa 41 amosan a opinión dos titulados sobre as posibilidades de promoción que teñen na súa empresa. No SUG, un 46,35% (51,70% no estudo anterior) considera que esas posibilidades son moitas ou bastantes, mentres que un 32,43% (30,06% no estudo anterior) considera que son nulas ou poucas.

Por rama de coñecemento, as mellores perspectivas percíbense en Ciencias Sociais e Xurídicas II (60,62%) e Ciencias Sociais e Xurídicas I (54,55%), situación que se daba tamén no estudo anterior. As peores perspectivas téñense en Artes e Humanidades II, cun 39,09% de titulados que consideran que teñen nulas ou poucas posibilidades de promoción; Ciencias Sociais e Xurídicas III (35,87%) e IV (35,21%); Enxeñaría e Arquitectura (32,75%) e Artes e Humanidades I (30,57%).

Figura 84. Posibilidades de promoción na empresa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Táboa 41. Posibilidades de promoción na empresa.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 16,64% | 15,61% | 23,45% | 19,53% | 24,77% |
| Ciencias | 11,93% | 18,43% | 26,09% | 27,37% | 16,19% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 15,88% | 16,87% | 26,63% | 21,88% | 18,73% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 16,98% | 11,52% | 16,95% | 27,34% | 27,21% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 13,48% | 12,84% | 13,06% | 16,00% | 44,62% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 22,36% | 13,51% | 18,74% | 20,27% | 25,13% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 18,80% | 16,41% | 17,96% | 21,40% | 25,43% |
| Artes e Humanidades I | 16,37% | 14,20% | 25,00% | 21,60% | 22,83% |
| Artes e Humanidades II | 30,22% | 8,87% | 18,85% | 15,38% | 26,68% |
| **SUG** | **17,93%** | **14,50%** | **21,22%** | **21,41%** | **24,94%** |

### 4.6.16. Estabilidade na empresa

A Figura 85 e a Táboa 42 reflicten a percepción dos titulados sobre o grao de estabilidade do seu traballo actual. No conxunto do SUG un 44,39% dos titulados (52,42% no estudo anterior) considera que o seu traballo é moi ou bastante estable, mentres que un 38,26% (30,72% no estudo anterior) considérao nada ou pouco estable.

Por rama de coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas I e II, ambas cun 56,32%, e Ciencias da Saúde (50,82%), son como no estudo anterior as ramas en que os titulados consideran máis os seus postos de traballo como moi ou bastante estables. En contrapartida, Artes e Humanidades I (50,06%) e Ciencias (48,15%) son as ramas en que os titulados consideran os seus postos de traballo como nada ou pouco estables en maior medida.

Figura 85. Traballo estable.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 42. Traballo estable.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 15,98% | 16,31% | 16,88% | 15,39% | 35,44% |
| Ciencias | 22,70% | 25,45% | 21,05% | 18,86% | 11,95% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 24,43% | 17,91% | 20,18% | 19,10% | 18,38% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 18,84% | 11,26% | 13,58% | 27,60% | 28,72% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 18,66% | 9,11% | 15,91% | 16,05% | 40,27% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 25,24% | 13,65% | 16,43% | 11,49% | 33,19% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 22,09% | 22,70% | 16,35% | 16,13% | 22,73% |
| Artes e Humanidades I | 30,26% | 19,80% | 16,67% | 14,96% | 18,32% |
| Artes e Humanidades II | 30,09% | 13,62% | 18,10% | 14,16% | 24,03% |
| **SUG** | **22,44%** | **15,82%** | **17,35%** | **17,05%** | **27,34%** |

### 4.6.17. Opinión sobre o nivel retributivo actual

A Figura 86 e a Táboa 43 mostran a opinión dos titulados sobre o seu nivel retributivo actual. No conxunto do SUG un 42,11% (46,50% no estudo anterior) considera que o seu salario é moi ou bastante adecuado. En contrapartida, un 32,06% (31,29%) considérao nada ou pouco adecuado.

Por rama de coñecemento os titulados máis satisfeitos co seu salario son os de Ciencias Sociais e Xurídicas III, cun 56,06% de titulados que consideran o seu salario moi ou bastante adecuado, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas I, cun 46,41%. No lado contrario, as ramas co maior número de insatisfeitos co seu salario son Artes e Humanidades II, cun 40,43% que considera que o seu salario é nada ou pouco adecuado, e Enxeñaría e Arquitectura, cun 38,55%.

Figura 86. Nivel retributivo adecuado.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Táboa 43. Nivel retributivo adecuado.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 9,24% | 16,51% | 34,82% | 26,42% | 13,01% |
| Ciencias | 18,85% | 18,82% | 28,03% | 22,81% | 11,48% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 16,37% | 22,18% | 31,37% | 22,11% | 7,97% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 13,97% | 15,36% | 24,26% | 27,47% | 18,94% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 19,30% | 16,46% | 23,02% | 17,32% | 23,90% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 10,90% | 15,14% | 17,90% | 28,28% | 27,78% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 14,64% | 18,25% | 31,32% | 24,58% | 11,21% |
| Artes e Humanidades I | 17,92% | 19,45% | 21,96% | 29,01% | 11,66% |
| Artes e Humanidades II | 31,12% | 9,31% | 18,96% | 20,23% | 20,38% |
| **SUG** | **14,84%** | **17,22%** | **25,83%** | **24,77%** | **17,33%** |

### 4.6.18. Satisfacción co lugar xeográfico de traballo

A Figura 87 e a Táboa 44 recollen ata que punto os titulados traballan no lugar en que quererían facelo. No ámbito do SUG, ante a pregunta de se traballan na zona xeográfica desexada, un 79,56% dos titulados (80,39% no estudo anterior) responde que moito ou bastante. Pola contra, un 13,08% (12,63% no estudo anterior) contesta que está de acordo con esa afirmación pouco ou nada.

Por rama de coñecemento, os máis conformes coa zona xeográfica en que traballan son os titulados de Ciencias da Saúde, para un 88,31% dos cales a zona xeográfica en que traballa está moi ou bastante de acordo cos seus desexos, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas II cun 85,64%. As ramas con maior porcentaxe de titulados insatisfeitos a este respecto son as de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (20,06%); Artes e Humanidades II (17,69%); e Enxeñaría e Arquitectura, cun 16,42% que traballa en zonas nada ou pouco de acordo cos seus desexos.

Figura 87. Satisfacción coa zona xeográfica de traballo.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Táboa 44. Satisfacción coa zona xeográfica de traballo.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

| Ramas | Nada | Pouco | Algo | Bastante | Moito |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 4,23% | 2,50% | 4,96% | 7,85% | 80,45% |
| Ciencias | 4,41% | 6,55% | 6,01% | 21,75% | 61,28% |
| Enxeñaría e Arquitectura | 10,09% | 6,33% | 8,48% | 18,80% | 56,30% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | 6,99% | 6,14% | 8,37% | 14,86% | 63,63% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | 7,11% | 3,21% | 4,03% | 5,04% | 80,60% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | 7,77% | 5,00% | 8,84% | 12,15% | 66,24% |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | 14,59% | 6,47% | 5,45% | 11,89% | 61,60% |
| Artes e Humanidades I | 6,14% | 8,25% | 6,71% | 24,69% | 54,21% |
| Artes e Humanidades II | 12,48% | 5,21% | 11,34% | 10,42% | 60,55% |
| **SUG** | **7,95%** | **5,13%** | **7,36%** | **13,71%** | **65,85%** |

### 4.6.19. Competencias requiridas no traballo actual

Os novos títulos universitarios, dentro do marco do espazo europeo de educación superior, formúlanse en termos dos obxectivos e competencias que os estudantes deben acadar, e non unicamente dos contidos que se deben impartir. Estas competencias que se potencian durante os estudos deben facilitar a inserción laboral dos titulados universitarios. Por iso, coñecermos cales son as competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) que se requiren no mercado de traballo pode incidir positivamente na formación universitaria canto a unha maior facilidade no acceso a un posto de traballo.

Na Figura 88 amósase, para o total do SUG, a valoración que os titulados fan sobre a importancia dunha serie de competencias á hora de desempeñaren o seu traballo. Esta listaxe de competencias é común a outros estudos de ámbito rexional, nacional e europeo, o que permite a comparación. Salientan como as máis altamente valoradas (nunha escala de 1 a 5), pola seguinte orde, a *capacidade para a aprendizaxe*, a *motivación*, a *capacidade para resolver problemas*, a *capacidade de comunicación* e a *capacidade para asumir responsabilidades*, todas elas con valoracións entre 4,55 e 4,41. No extremo oposto aparecen outras competencias como a *cultura xeral* (3,82), a *creatividade* (3,78), a *capacidade de liderado* (3,60) e o *coñecemento de idiomas* (3,39), sen que se atopen grandes diferenzas cos estudos previos.

Con todo, aínda que estas cifras recollen unha visión global dos titulados do SUG, existen algunhas diferenzas ao analizarmos os datos por rama de coñecemento. Para una análise máis polo miúdo achéganse as seguintes gráficas, que permiten unha comparativa das valoracións das competencias por rama de coñecemento e co global do SUG. Para facilitarmos a súa visibilidade, agrúpanse as ramas de coñecemento en tres bloques: Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura (Figura 89) nun primeiro bloque; as catro ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas (Figura 90) nun segundo bloque; e, finalmente, as dúas ramas de Artes e Humanidades (Figura 91) no terceiro bloque.

Figura 88. Competencias requiridas.
Resultados para o total do SUG.




Para o primeiro dos bloques (Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura), pódese observar na Figura 89 que o perfil das competencias é semellante nas tres ramas e non se diferencia notablemente do SUG. Malia esa similitude, cabe destacarmos o comportamento de Ciencias da Saúde: os titulados nesta rama conceden valoracións superiores aos de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura nos *coñecementos teóricos e prácticos no seu campo*, na *capacidade de asumir responsabilidades* e na *capacidade para resolver problemas*. Os mesmos titulados valoran por debaixo das outras ramas os *coñecementos de informática* e os *coñecementos de idiomas*.

Figura 89. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, e para o total do SUG[1].

Nas ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas (Figura 90) salienta, ao igual que no PIL0607, o perfil diferenciado de Ciencias Sociais e Xurídicas III, cunha maior valoración da *creatividade* e cunha menor valoración da *capacidade de traballo baixo presión*. Das outras ramas, destacan as baixas valoracións que lles outorgan os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas I e II á *creatividade*, e así mesmo estes últimos en particular ao *coñecemento de idiomas*.

1 Nestas gráficas reduciuse a escala (orixinal de 1 a 5) para poder apreciar mellor as diferenzas.

Figura 90. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas I, II, III e IV, e para o total do SUG.




Finalmente, a Figura 91 presenta os resultados para as ramas de Artes e Humanidades I e II. De maneira xeral, os titulados de Artes e Humanidades I proporcionan valoracións inferiores ás do SUG. Cabe salientarmos as diferentes valoracións que reciben os *coñecementos de idiomas* e o *pensamento crítico:* nos dous casos os titulados de Artes e Humanidades II valoran estas competencias máis positivamente que os de Artes e Humanidades I.

Figura 91. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Artes e Humanidades I e II, e para o total do SUG.




A modo de resumo, inclúense a continuación as competencias máis e menos valoradas en cada unha das ramas de coñecemento (véxase a Táboa 45).

Táboa 45. Competencias máis e menos valoradas por rama de coñecemento.

| Rama de coñecemento | Máis valoradas | Menos valoradas |
|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | Capacidade para resolver problemas<br>Coñecementos prácticos no seu campo<br>Capacidade de asumir responsabilidades | Capacidade de liderado<br>Coñecementos de informática<br>Coñecementos de idiomas |
| Ciencias | Capacidade para a aprendizaxe<br>Capacidade para resolver problemas<br>Capacidade de asumir responsabilidades | Coñecementos de idiomas<br>Capacidade de liderado<br>Cultura xeral |
| Enxeñaría e Arquitectura | Capacidade para a aprendizaxe<br>Capacidade para resolver problemas<br>Motivación | Capacidade de liderado<br>Coñecementos de idiomas<br>Cultura xeral |
| Ciencias Sociais e Xurídicas I | Capacidade para a aprendizaxe<br>Motivación<br>Capacidade para resolver problemas | Capacidade de liderado<br>Creatividade<br>Coñecementos de idiomas |
| Ciencias Sociais e Xurídicas II | Capacidade de comunicación oral/escrita<br>Capacidade para a aprendizaxe<br>Lealdade, honestidade | Capacidade de liderado<br>Creatividade<br>Coñecementos de idiomas |
| Ciencias Sociais e Xurídicas III | Motivación<br>Capacidade para a aprendizaxe<br>Capacidade de comunicación oral/escrita | Capacidade de traballo baixo presión<br>Capacidade de liderado<br>Coñecementos de idiomas |
| Ciencias Sociais e Xurídicas IV | Capacidade para a aprendizaxe<br>Capacidade de comunicación oral/escrita<br>Motivación | Pensamento crítico<br>Creatividade<br>Capacidade de liderado |
| Artes e Humanidades I | Capacidade para a aprendizaxe<br>Motivación<br>Capacidade de traballo independente | Capacidade de traballo baixo presión<br>Coñecementos de idiomas<br>Capacidade de liderado |
| Artes e Humanidades II | Capacidade de comunicación oral/escrita<br>Motivación<br>Coñecementos de idiomas | Coñecementos de informática<br>Capacidade de traballo baixo presión<br>Capacidade de liderado |

### 4.7. Valoración final da traxectoria universitaria

O cumprimento das expectativas fixadas polos titulados determina sen dúbida a impresión que poidan facilitar sobre a súa situación laboral. Na Figura 92 preséntanse os resultados sobre o cumprimento das expectativas profesionais ao inicio da carreira. Do conxunto do SUG, máis do 60% manifesta que as súas expectativas se viron cumpridas en bastante ou en moita medida. Por rama de coñecemento, os resultados oscilan entre case o 80% de titulados en Ciencias da Saúde cuxas expectativas se viron cumpridas e o 47% de Enxeñaría e Arquitectura.

Nalgunhas situacións, un deficiente asesoramento sobre as oportunidades profesionais pode dificultar a inserción dos titulados no mercado de traballo. De feito, un 85% considera que é bastante ou moi necesaria unha maior información sobre a busca de emprego desde o ámbito universitario. Os resultados por rama de coñecemento poden verse na Figura 93.

Figura 92. Cumprimento das expectativas profesionais ao inicio da carreira. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.



Figura 93. Necesidade de máis información na universidade sobre a busca de emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.




Máis do 90% dos titulados no SUG volvería cursar estudos universitarios. Deles, o 81,55% volvería elixir a mesma titulación e o 87% volvería cursala na mesma universidade. Por rama de coñecemento, os titulados de Ciencias da Saúde son os que presentan unha maior porcentaxe de respostas positivas, que supera o 95% no caso da repetición de estudos universitarios e o 90% no da repetición da titulación e a universidade. O volver cursar estudos universitarios é unha opinión maioritariamente común (con porcentaxes superiores ao 87%) en todas as ramas de coñecemento. Na Figura 94 móstranse os resultados por rama de coñecemento e no conxunto do SUG.

Figura 94. Repetición do itinerario académico.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.





# 5. Anexos

07-08

# 5.1. Anexo I. Datos técnicos do estudo

## Poboación

Seguindo a liña dos estudos anteriores realizados pola ACSUG, a poboación de interese está constituída polos titulados do SUG durante o curso académico 2007-2008. A Táboa 46 recolle o tamaño desta poboación obxectivo e o da mostra empregada para a realización do estudo.

Táboa 46. Titulados do SUG no curso académico 2007-2008. Tamaño de poboación e mostra.

| Universidade | Poboación | Mostra |
|---|---|---|
| A Coruña | 2600 | 1327 |
| Santiago de Compostela | 3501 | 1808 |
| Vigo | 3115 | 1695 |
| **TOTAL** | **9216** | **4830** |

Tal e como se fixo nos estudos publicados anteriormente pola ACSUG (Proxecto de inserción laboral dos titulados polo sistema universitario de Galicia 1996-2001 [PIL9601], Estudo da inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2001-2003 [PIL0103], Estudo da inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2003-2005 [PIL0305], Estudo da inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2005-2006 [PIL0506] e Estudo da inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2006-2007 [PIL0607]), considéranse as seguintes ramas de coñecemento: Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II). As titulacións correspondentes a cada unha das ramas poden consultarse no Anexo III, dedicado á distribución por ramas de coñecemento.

## Ámbito do estudo

O universo ou poboación de interese non pertence a un ámbito xeográfico nun sentido estrito, dado que os titulados do SUG non teñen por que ser necesariamente residentes en Galicia.

## Unidade de mostraxe/unidade informante

A unidade de mostraxe e a unidade informante son a mesma: cada un dos titulados no SUG durante o curso académico 2007-2008. A estes accedeuse a través de listaxes proporcionadas pola Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade da Coruña, a Vicerreitoría de Calidade e Planificación da Universidade de Santiago de Compostela e a Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade da Universidade de Vigo.

## Deseño da mostra

